Achégolle escrito remitido dende a Consellería de Facenda no que comunica os erros materiais detectados no "Proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017", que tivo entrada no Parlamento de Galicia o 3 de xullo de 2017 e ten número de rexistro (11320).

Polo que, solicito que sexan emendados de acordo co indicado no indicado documento anexo.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos	Edificio administrativo San Gaspar, Bloque 3 15781 Santiago de Compostela, A Coruña Teléfono: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94 orzamentos@conselleriadefacenda.es	06 XULL. 2017 ENTRADA Nº 2240
	06 XULL. 2017 ENTRADA Nº 2240	06 XULL. 2017 ENTRADA Nº 2240

Detectáronse erros materiais no proxecto de lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, de 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 139, do 4 de xullo de 2017, polo que solicitamos procedase a realizar os trámites oportunos para a súa corrección.

Ao respecto, os erros atópanse na disposición derradeira primeira, no número 1, na modificación do número tres do artigo 2 e nas dous últimas filas do cadro de distribución orgánica e económica, e son os seguintes:

1. Na fila de “ Total transferencias”:

- Na correspondente ao Capítulo II debe figurar 19.524.347.
- Na correspondente ao Capítulo III suprímese a cantidade e debe aparecer en branco.
- Na correspondente ao Capítulo VI suprímese a cantidade e debe aparecer en branco.
- Na correspondente ao Capítulo VII debe figurar 844.655.214.

2. Na fila de “ Total orzamento consolidado”:

- Na correspondente ao Capítulo II a cantidade que debe figurar é 1.634.463.826.

DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación
e Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 84
dxorzamentos@conselleriadeacenda.es

- Na correspondente ao Capítulo III a cantidade que debe figurar é 234.747.976.
- Na correspondente ao Capítulo VI a cantidade que debe figurar é 841.239.654.
- Na correspondente ao Capítulo VII a cantidade que debe figurar é 678.498.488.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

O director xeral

(P.A. Decreto 30/2017, de 30 de marzo)



María Castro Piñeiroa

DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de Lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, Integral de Identidade de Xínero de Galicia (doc. n.ºm. 8698 -corrección erros 8779-, 10/PPL-000004)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1.2 8698(10/PPL-000004)


Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei integral de identidade de xénero de Galicia

Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017

en marea

enmarea.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de en Marea, ao abeiro do artigo 163 e concordantes do Regulamento da Cámara, peresenta ante esa mesa, a seguinte **Proposición de Lei Integral de identidade de Xénero de Galicia**


A identidade de xénero é a vivencia interna, única e individual do xénero tal e como cada persoa a sente e como a manifesta. Esta circunstancia única e persoal pode corresponder ou non co sexo asignado no nacemento, consistente na apreciación visual dos órganos xenitais externos. A existencia de persoas Trans, que son as que teñen unha identidade de xénero sentida non correspondente coa que lle asignaron o nacer, está presente en todas as culturas da humanidade, e en todo tempo histórico. Non podemos pensar no colectivo Trans como algo homoxéneo que responde a uns patróns determinados. Por tanto, hai tantas formas de sentir e vivir a identidade de xénero, e tantos procesos e transicións coma persoas Trans existen.

Algunhas sociedades aceptaron unha realidade de xénero non estritamente binaria, e articularon mecanismos sociais e leis que promoven a súa inclusión. Outras, coma a nosa, manifestaron diversos graos de rexeitamento e represión das expresións de identidade de xénero non normativas, provocando graves violacións dos dereitos humanos das persoas Trans, o cal nos leva á necesidade de crear un marco normativo galego que recoñeza o dereito á identidade de xénero e á libre expresión do xénero sentido coma un dereito humano fundamental, e dotalo dos instrumentos axeitados para facelo efectivo.

No século XX a transexualidade comezou a tratarse dende o ámbito médico, considerándose como un trastorno de disforia de xénero, e cualificando ás persoas Trans como afectadas por unha enfermidade mental. Durante cerca de setenta anos a transexualidade figurou como enfermidade nos principais manuais de diagnóstico e nas principais clasificacións de enfermidades, como a Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-IO) da Organización Mundial da Saúde ou no Manual de diagnóstico de enfermidades psiquiátricas DSM-R da American Psychiatric Association (APA), baixo os cualificativos de “trastorno da identidade sexual” ou “desorde da identidade de xénero” onde o diagnóstico médico asociado é a “disforia de xénero”.

en marea

enmarea.gal



A Resolución do Consello de Europa do 22 de abril de 2015 favorable aos dereitos das persoas Trans, transmite os Estados membros a necesidade de que desenvolvan “leis e marcos legais explícitos para loitar contra a discriminación e os crimes de odio dos que as persoas Trans son vítimas”. Así mesmo, se lles anima a adoptar procedementos “oportunos, transparentes e accesibles” para o recoñecemento legal da identidade de xénero, baseados na libre autodeterminación, e sen ningún tipo de limitación baseada en características persoais.


No seu punto 3 considera unha violación dos Dereitos Fundamentais entre outros, o diagnóstico da transexualidade como enfermidade mental. Así mesmo, o Comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg, solicitou á OMS a despatoloxización da transexualidade, declarando que a “disforia de xénero” debe deixar de considerarse como enfermidade mental nos países do Consello de Europa e os organismos internacionais da saúde.

O proceso de recoñecemento da despatoloxización da identidade de xénero na sociedade occidental segue un camiño imparabile, pero aínda está lonxe de concluír. No 2009 xorde na rede pola despatoloxización da transexualidade a nivel mundial, co obxectivo da retirada do “trastorno de identidade de xénero” dos catálogos diagnósticos do DSV-IV e CIE-10. Este movemento conseguiu que recentemente a propia APA retirase o seu diagnóstico de trastorno da identidade de xénero, aínda que son moitas as voces que avogan nos terreos científicos e sociais pola definitiva despatoloxización da transexualidade e pola consideración da mesma coma unha máis das manifestacións da diversidade sexual do ser humano, xa que aínda que a APA o retirase coma trastorno de identidade de xénero, este segue permanecendo no mesmo manual de trastornos co epígrafe “disforia de xénero”.

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade coma un principio xurídico fundamental e universal. Dende a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas coma un principio xurídico fundamental e universal.

en marea

enmarea.gal



Este recoñecemento implícito da Declaración Universal faise explícito con respecto as persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que tómanse en consideración, como os Principios de Yogyakarta.


No ámbito europeo, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2000) establece que “a Unión fúndase sobre os valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade”. E prohibe de forma expresa no artigo 21 “toda discriminación”, e en particular a exercida “por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicos ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual”.

Sobre esta base a Unión Europea construíu un sólido corpo de normas e resolucións dirixido a garantir a libre manifestación da identidade de xénero das persoas sen discriminación. Entre ditos elementos normativos podemos sinalar de maneira non exhaustiva as resolucións do Parlamento Europeo do 12 de setembro de 1989, do 8 de febreiro de 1994, do 18 de xaneiro de 2006, do 24 de maio de 2012, do 24 de xuño de 2013 e do 4 de febreiro de 2014, todas elas relativas á igualdade de dereitos das persoas Trans ou aos efectos colaterais de Directivas coma a 2000/78/CE, do Consello, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e na ocupación. É necesario mencionar pola súa pertenza o caso das Directrices para promover e protexer o gozo de tódolos dereitos humanos das persoas (LGBTI), aprobadas polo Consello da Unión Europea o 24 de xuño de 2013 ou os informes da Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea sobre a homofobia, a transfobia e a discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero dos anos 2010 e 2014.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma do que a Constitución española no seu artigo 9.2, sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, o recoller a obrigaición que corresponde os poderes públicos de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos cales se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social».

en marea

enmarea.gal



No desenvolvemento deste mandato o respecto á identidade, o 15 de marzo de 2007 promulgouse a lei reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas, que permite o cambio da inscrición relativa ao sexo no rexistro civil e con iso o cambio do nome, da documentación oficial e do status cidadán adscrito ao sexo rexistrado. A lei española do cambio de sexo rexistral desvincula por primeira vez o pleno exercicio dos dereitos civís vinculados ao rexistro das cirurxías xenitais. Así a todo, a lei quedou restrinxida a persoas maiores de idade e de nacionalidade española. Posteriormente chegarían leis máis avanzadas, coma a de Arxentina (2012), que é a primeira en despatoloxizar de maneira completa a transexualidade.


O estado español, non obstante, non se limitou ao simple recoñecemento do cambio de sexo rexistral, pois son moitas as normas que proscriben a discriminación no traballo, e a identidade de xénero recibiu tutela igualmente na lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo de protección á infancia e á adolescencia ou na recente reforma do Código Penal.

No ámbito autonómico desenvolvéronse tanto leis específicas en Navarra (2009), País Vasco (2012), Andalucía (2014), Canarias (2014) e máis recentemente Madrid (2016) ou leis para o conxunto do colectivo LGTBI aquí en Galicia (2014), e tamén en Cataluña (2014) e Estremadura (2015), dando un paso adiante ao garantir, non só ao recoñecemento da identidade de xénero nos respectivos territorios, senón engadir igualmente unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da integración das persoas Trans na sociedade.

A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de gays, lesbianas, homosexuais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. O obxecto desta lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razóns de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais. Esta lei galega é claramente insuficiente e inxusta cara aos dereitos e liberdades das persoas Trans, xa que o único artigo que fai referencia expresamente ao colectivo Trans, fala de que o acceso aos tratamentos médicos esixidos, estarase á mercé dun criterio clínico.

en marea

enmarea.gal




Resulta por todo o exposto, esencial, o recoñecemento legal do dereito á identidade de xénero de toda persoa nun exercicio libre e sen presións legais ou sociais como corolario dos Dereitos constitucionais da igualdade de todas as persoas e o libre desenvolvemento da súa personalidade. E como concreción de dito recoñecemento, garantir que a lei aplicábel das persoas non as patoloxiza ou somete á condición de prexuízo sobre a súa capacidade, dignidade e habilidades.

Esta lei segue na súa definición de identidade de xénero e expresión de xénero o criterio da Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea que á súa vez obtivo a definición tras un extenso traballo de consulta coas principais organizacións Trans europeas e internacionais. O concepto de identidade de xénero refírese á vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa a sente profundamente, incluíndo a vivencia persoal do corpo, e outras coma a vestimenta, o xeito de falar e os modais. A identidade de xénero está xeralmente acompañada do desexo de vivir e recibir aceptación como membro de dito xénero, e mesmo do desexo irrenunciábel de modificar, mediante métodos hormonais, cirúrxicos ou de outra índole, o propio corpo, para facelo o máis congruente posíbel co xénero sentido como propio, cando non se corresponde co asignado ao nacer.

A presión social, familiar e o ámbito laboral, por outro lado, poden crear situacións nas que é conveniente o apoio psicolóxico para unha mellor autointegración do proceso de cambio e empoderamento para facer fronte a dita presión. Todo iso, non obstante, farase a requirimento da persoa interesada e sen un sometemento a patróns fixos de manifestación da sexualidade ou da identidade, posto que cada persoa é única nas súas características e vivencias ao respecto. Entenderase que a maioría das persoas Trans non demandan que se lles preste apoio médico porque se sintan enfermas, senón porque necesitan adaptar o seu corpo á súa identidade de xénero polos obstáculos sociais que encontran ao seu libre desenvolvemento como persoas que realizan unha manifestación libre do seu xénero. As persoas Trans, con todo, non son un colectivo homoxéneo nin nas súas pretensións respecto a manifestación da súa identidade no campo social, nin nos seus requirimentos da asistencia, polo que non procede impoñer itinerarios únicos ou modelos estereotipados de identidade que poidan converterse á súa vez en vulneracións dos dereitos de ditas persoas.

en marea

enmarea.gal



A presente lei promove unha atención médica e social integral baseada no principio de respecto á libre manifestación da identidade de xénero de todas as persoas, nunha base de respecto á igualdade e á dignidade de todos elas. Así mesmo, preténdese que sexa un instrumento de normalización da transexualidade, como realidade visíbel, co fin de evitar que haxa persoas Trans que oculten a súa condición por mor da desaprobación social, así coma outras consecuencias negativas da súa visibilidade social, para comezar a sentar as bases dun cambio necesario na concepción de dita realidade.

Esta lei estruturase nun título preliminar, trece títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais.

O Título Preliminar, dedicado ás disposicións xerais, contén unha serie de disposicións de carácter xeral nas que se recollen o obxecto da lei, o seu ámbito de aplicación e unhas definicións para facilitar a interpretación da norma, así coma os principios de actuación das administracións públicas galegas en materia de identidade e expresión de xénero.


O Título I, Tratamento administrativo da identidade de xénero, establece a creación dunha documentación administrativa necesaria para evitar situacións de sufrimento por exposición pública ou discriminación, garantindo o dereito a un servizo de asesoramento e apoio as persoas Trans, as súas familias e persoas achegadas, establece os principios da actuación administrativa en materia de identidade de xénero, e crea o consello Consultivo Trans da comunidade autónoma de Galicia.

O Título II, Atención sanitaria ás persoas Trans establece o dereito á saúde e á asistencia sanitaria das persoas Trans, establecendo os seus dereitos nesta materia e a carteira de servizos á que terán acceso, incluíndo os tratamentos a menores Trans. Para facelo efectivo crearanse Unidades asistenciais de referencia para a Identidade de Xénero, que respectarán a libre determinación de xénero sentido das persoas Trans, e estableceranse una serie de medidas para a formación de profesionais, a realización de guías de recomendacións e o establecemento de estatísticas.

No caso das persoas intersexuais, garantirase a integridade corporal dos menores intersexuais ata que definan a súa identidade sentida e se lles ofrezca protección da súa intimidade e dignidade fronte as prácticas de exposición e análises de carácter abusivo, xa que sen coñecemento da identidade de xénero sentida da persoa

en marea

enmarea.gal



intersexual, calquera intervención cirúrxica que asimile ao menor a unha identidade pode ser unha auténtica castración traumática.

O Título III, Medidas no ámbito da educación, establécense as actuacións en materia de identidade de xénero, expresión de xénero e diversidade sexual no ámbito educativo. Entre elas, un protocolo de atención educativa de identidade de xénero, que respecte a identidade sentida das persoas Trans nos centros educativos, a adopción de medidas para incorporar contidos educativos sobre a identidade e expresión de xénero, a diversidade sexual e familiar, en tódolos niveis educativos, nos diferentes ciclos formativos e accións de formación e de divulgación, e a súa integración no currículo educativo autonómico. Tamén se establecen accións no ámbito universitario, coma o impulso da investigación sobre a identidade e a expresión de xénero.

O Título IV, Medidas no ámbito laboral e de Responsabilidade Social Empresarial, establece as medidas efectivas no ámbito laboral e de responsabilidade social, incluíndo políticas de fomento da igualdade e non discriminación no emprego para o colectivo de persoas Trans.


O Título V, Medidas no ámbito social, establécense as medidas para a inserción social das persoas Trans, medidas de apoio e protección en situacións de especial vulnerabilidade, estender a tutela ofrecida ás vítimas de violencia de xénero ás mulleres transexuais, de tutelar aos menores expulsados dos seus fogares con respecto á súa libre manifestación de identidade de xénero, e a atención ás vítimas de violencia por transfobia.

O Título VI, Medidas no ámbito familiar, inclúense as medidas de apoio á diversidade familiar, e o recoñecemento como violencia familiar á producida dentro da familia por causa da identidade de xénero.

O Título VII, Medidas no ámbito da mocidade e das persoas maiores, establece medidas de protección para a mocidade e as persoas dunha idade avanzada pertencentes ao colectivo Trans.

en marea

enmarea.gal



O Título VIII, Medidas no ámbito do lecer, a cultura e o deporte, establece medidas para a promoción dunha cultura inclusiva, diversa e promotora de dereitos, que garante a plena igualdade e a non discriminación das persoas Trans no ámbito da práctica deportiva e da actividade física.

O Título IX, Medidas no ámbito da Cooperación Internacional, expresa o compromiso de Galicia co dereito á vida, á igualdade e á liberdade daquelas persoas que sofren pola súa identidade de xénero persecución, violencia ou criminalización nos países onde devanditos dereitos son negados ou ignorados.

O Título X, Comunicación, establece as competencias autonómicas á promoción da concienciación, divulgación e transmisión da inclusión social e o respecto á identidade e expresión de xénero, contribuíndo a un trato do colectivo exento de estereotipos.

O Título XI, Medidas no ámbito de seguridade e a privación de liberdade, establece un protocolo de atención á identidade de xénero nas forzas de seguridade, destinado en especial a paliar as consecuencias que sofren quen é vítimas dos delitos de odio por razón da súa identidade, e establecer unhas medidas necesarias para as persoas que están privadas da súa liberdade nos centros penais da comunidade.

O Título XII, Medidas administrativas para garantir a igualdade na atención á identidade de xénero, onde establece os principios aplicábeis á contratación administrativa, concesión de subvencións, formación dos funcionarios e persoal público, así coma o compromiso de que as futuras normas da comunidade valoren o seu posíbel impacto normativo en cuestións pertinentes á discriminación por identidade de xénero.


O Título XIII, Infraccións e Sancións, establece a regulación das infraccións administrativas en materia de vulneración dos dereitos das persoas Trans.

Por último, a lei conta cunha disposición adicional relativa aos prazos de residencia a efectos do cobro de rendas pertencentes a administracións públicas galegas, unha Disposición transitoria, unha Disposición Derrogatoria, e dúas Disposicións Finais.

Con esta lei, Galicia dá amparo e recoñecemento ao esforzo que as organizacións sociais, asociacións LGBTQI, os partidos políticos, as familias, e as persoas Trans desta

en marea

enmarea.gal



comunidade fixeron durante anos, para que o respecto, a igualdade e a dignidade de tódolos cidadáns de Galicia sexa unha realidade sen exclusións.

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Definicións:

Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por:

1.- Identidade sexual e/ou de xénero: a vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa sente e autodeterminase, sen que deba ser definida por terceiros, podendo corresponder ou non co sexo asignado ao nacer, e podendo involucrar a modificación da aparencia ou a función corporal a través de medios farmacolóxicos, cirúrxicos ou doutra índole, sempre que iso sexa libremente escollido.

2.- Trans: Toda aquela persoa que se identifica cun xénero diferente ou que expresa a súa identidade de xénero de maneira diferente ao xénero que lle asignaron ao nacer. Para os efectos desta Lei e sen prexulgar outras acepcións sociais o termo Trans ampara múltiples formas de expresión da identidade de xénero ou subcategorías como transexuais, transxénero, travestís, variantes de xénero, queer ou persoas de xénero diferenciado, así coma a quen define o seu xénero como "outro" ou describen a súa identidade nas súas propias palabras.


3.- Intersexualidade: variedade de situacións nas cales, unha persoa nace cunha anatomía reprodutiva ou sexual que non parece encaixar nas definicións típicas de masculino e feminino.

4.- Discriminación directa: hai discriminación directa cando unha persoa é, sexa ou poida ser tratada de modo menos favorábel que outra en situación análoga ou comparábel, por motivos de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero ou pertenza a grupo familiar.

5.- Discriminación indirecta: hai discriminación indirecta cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por motivos de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero.

en marea

enmarea.gal



6.- Discriminación múltiple: hai discriminación múltiple cando, ademáis de discriminación por motivo de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero ou pertenza a grupo familiar, unha persoa sofre conxuntamente discriminación por outro motivo recollido na lexislación europea, nacional ou autonómica. Especificamente terase en conta que a posíbel discriminación por expresión, identidade de xénero, pódase sumar a pertenza a colectivos coma os inmigrantes.


7.- Discriminación por asociación: hai discriminación por asociación cando unha persoa é obxecto de discriminación como consecuencia da súa relación cunha persoa, un grupo ou familia Trans.

8.- Discriminación por erro: situación na que unha persoa ou un grupo de persoas son obxecto de discriminación por orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero como consecuencia dunha apreciación errónea.

9.- Acoso discriminatorio: será acoso discriminatorio calquera comportamento ou conduta que por razóns de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero, ou pertenza a grupo familiar, realícese co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade, e de crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, ofensiva ou segregada.

10.- Represalia discriminatoria: trato adverso ou efecto negativo que se produce contra unha persoa como consecuencia da presentación dunha queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso, de calquera tipo, destinado a evitar, diminuír ou denunciar a discriminación ou o acoso ao que está sometida ou foi sometida.

11.- Vitimización secundaria: considérase vitimización secundaria ao prexuízo causado ás persoas que fagan expresión da súa identidade de xénero que, sendo vítimas de discriminación, acoso ou represalia, sofren as consecuencias adicionais da mala ou inadecuada atención por parte dos responsables administrativos, institucións de saúde, policía ou calquera outro axente implicado.

**Artigo 2.- Ámbito da lei.**

1.- A presente Lei será de aplicación a calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, calquera que sexa o seu domicilio ou residencia, que se atope ou actúe no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O Parlamento de Galicia, as entidades locais ou provinciais de Galicia, así como calquera entidade de dereito público ou privado vinculada ou dependente das mesmas, garantirán o cumprimento da lei e promoverán as condicións para facelas efectivas no ámbito das súas respectivas competencias. Neste sentido, apoiarán accións afirmativas sobre identidade de xénero, así como ao apoio do movemento asociativo da Comunidade de Galicia e os seus propios proxectos.

En atención ás particulares condicións que concorren nos centros penais, os poderes públicos da Comunidade Autónoma promoverán, no ámbito das súas competencias, especial atención ao deseño e establecemento de protocolos de prevención, atención e asistencia as persoas lesbianas, homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero ou intersexuais presentes nos mesmos, ao obxecto de garantir a igualdade e non discriminación, e a actuar na medida das súas competencias para favorecer os traslados necesarios, para que estas persoas cumpran a súa condena, no centro penal, sección ou á que corresponda ao seu xénero libremente manifestado, se estas persoas así o piden.

3.- A presente Lei aplicárase a:


- Tódalas áreas da vida social.
- Calquera etapa da vida das persoas.
- Tódalas continxencias no transcurso da vida, como calquera cambio no estado civil, formación dunha familia, enfermidade, incapacidade, privación de liberdade ou morte.

Artigo 3.- Obxecto.

A presente lei ten por obxecto regular os principios, medidas e procedementos destinados a garantir os seguintes dereitos de tódalas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia:

en marea

enmarea.gal



1.- O Dereito:

- Ao recoñecemento da súa identidade de xénero libremente manifestada.
- Ao libre desenvolvemento da súa personalidade acorde a identidade ou expresión de xénero libremente manifestada sen sufrir presións ou discriminación por iso.

- A ser tratado de conformidade á súa identidade de xénero nos ámbitos públicos e privados, e en particular a ser identificado, e acceder á documentación acorde coa devandita identidade.

- A que se respecte a súa integridade física e psíquica así como as súas opcións en relación ás súas características sexuais e a súa vivencia da identidade ou expresión de xénero.

2.- O de garantir o dereito das persoas Trans a recibir da Comunidade de Galicia unha atención integral e axeitada ás súas necesidades médicas, psicolóxicas, xurídicas, sociais, laborais, culturais e do resto de dereitos fundamentais que poidan ser recoñecidos, en igualdade de trato co resto da cidadanía.


3.- Protexer o exercicio efectivo da súa liberdade e sen discriminación en tódolos ámbitos da vida política, económica, cultural e social, especialmente, nas seguintes esferas:

- Emprego e traballo por conta allea e por conta propia, comprendendo o acceso, as condicións de traballo, a promoción profesional e a formación para o emprego.
- Acceso, promoción, condicións de traballo e formación no emprego público.
- Afiliación e participación en organizacións políticas, sindicais, empresariais, deportivas, profesionais e de interese social ou económico.
- Sanidade, Educación, Prestacións e servizos sociais, cultura e deporte.
- Acceso á oferta e subministración de bens e servizos a disposición do público, incluída a vivenda.

O disposto na presente lei enténdese sen prexuízo dos réximes específicos máis favorables establecidos na normativa estatal ou autonómica, por razón das distintas causas de discriminación previstas na lei.

en marea

enmarea.gal



Artigo 4.- Recoñecemento do dereito á identidade de xénero libremente manifestada:

1.- Toda persoa ten dereito a construír para si mesma unha autodefinición con respecto ao seu corpo, sexo, xénero e orientación sexual. A orientación, sexualidade e identidade de xénero que cada persoa defina para si é esencial para a súa personalidade e constitúe un dos aspectos fundamentais da súa dignidade e liberdade. Ningunha persoa poderá ser oprimida para ocultar, suprimir ou negar a súa identidade de xénero, expresión de xénero, orientación sexual ou características sexuais. No ámbito de aplicación desta lei, en ningún caso será requisito acreditar a identidade de xénero manifestada mediante informe psicolóxico ou médico, así como documentación identificadora de ningún tipo.

2.- Ningunha persoa será obxecto de requirimento algún de probas de realización total ou parcial de cirurxías xenitais, tratamentos hormonais ou probas psiquiátricas, psicolóxicas ou tratamentos médicos, para facer uso do seu dereito á identidade de xénero, ou acceder aos servizos, ou á documentación acorde a súa identidade de xénero sentida nas Administracións públicas ou entidades existentes en Galicia.

3.- Quedan prohibidas nos servizos sanitarios da Comunidade de Galicia as terapias de aversión ou de conversión das manifestacións de identidade de xénero libremente manifestadas polas persoas, así como as cirurxías xenitais das persoas intersexuais que non obedezan á decisión da propia persoa afectada ou á necesidade de asegurar unha funcionalidade biolóxica por motivos de saúde.


Artigo 5.- Non discriminación por motivos de identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais.

1.- A Comunidade de Galicia recoñece a todas as persoas libres e iguais en dignidade e dereitos, con independencia da súa orientación sexual, da identidade e/ou expresión de xénero que manifeste ou das súas características sexuais.

2.- Ningunha persoa poderá ser obxecto de discriminación, acoso, penalización ou castigo por motivo da súa orientación sexual ou identidade de xénero. En particular, as persoas deben ser tratadas de acordo coa súa identidade de xénero manifestada, que é como a persoa preséntase ante a sociedade, con independencia do seu sexo

en marea

enmarea.gal



legal, e así obrará a Comunidade de Galicia en todos e cada un dos casos nos que ésta participe.

3.- Para os efectos desta lei considérase prohibida toda forma de discriminación por razón de identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais incluíndo a discriminación, directa ou indirecta, por asociación e por erro, a discriminación múltiple, o acoso, a indución, orde ou instrución de discriminar, as represalias ou o incumprimento das medidas de acción positiva derivadas de obrigacións normativas ou convencionais, así como a vitimización secundaria por inacción de quen ten un deber de tutela.

Artigo 6.- Menores Trans.

1.- As persoas Trans menores de idade teñen dereito a recibir da Comunidade de Galicia a protección e a atención necesarias para promover o seu desenvolvemento integral mediante actuacións eficaces para a súa integración familiar e social no marco de programas coordinados da administración sanitaria, laboral, de servizos sociais e educativa.


2.- As persoas Trans menores de idade teñen dereito a recibir o tratamento médico oportuno relativo á súa transexualidade. A atención sanitaria que se lles preste, en tanto que menores, farase de acordo co disposto na Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de protección á infancia e á adolescencia, na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica, a convención de Dereitos do neno e con atención ao establecido nos protocolos das sociedades médicas e pediátricas internacionais.

3.- Os menores de idade Trans teñen dereito a ser oídos e expresar a súa opinión en atención á súa madurez e desenvolvemento en relación a toda medida que se lles aplique.

4.- Toda intervención da Comunidade de Galicia deberá estar presidida polo criterio de atención ao interese superior do menor e dirixida a garantir o libre desenvolvemento da personalidade do menor conforme á identidade autopercebida, e a evitar situacións de sufrimento e indefensión.

en marea

enmarea.gal



5.- O amparo dos menores na presente lei producirase por mediación dos seus titores ou gardadores legais ou a través de servizos sociais de protección dos menores, cando se aprecie a existencia de situacións de sufrimento e indefensión por negación abusiva da súa identidade de xénero.

TÍTULO I. TRATAMENTO ADMINISTRATIVO DA IDENTIDADE DE XÉNERO

Artigo 7.- Documentación administrativa.

1.- As Administracións públicas da Comunidade de Galicia, no ámbito das súas competencias, deberán adoptar tódalas medidas administrativas e de calquera outra índole que sexan necesarias co fin de asegurar que en todos e cada un dos casos e procedementos nos que participe a Comunidade, obrarase tendo en conta que as persoas deben ser tratadas de acordo coa súa identidade de xénero, a que se corresponde co sexo ao que senten pertencer, así como que se respectará a dignidade e privacidade da persoa concernida e a heteroxeneidade do feito familiar. Para as persoas transexuais inmigradas con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia, a documentación administrativa referida anteriormente entenderase vixente ata o momento no que poidan proceder ao cambio rexistral no país de orixe.


2.- Ao obxecto de favorecer unha mellor integración e evitar situacións de sufrimento por exposición pública ou discriminación, a Comunidade Autónoma de Galicia proverá a toda persoa que o solicite das acreditacións acordes á súa identidade de xénero manifestada que sexan necesarias para o acceso aos seus servizos administrativos e de toda índole.

3.- Devandito documento será identificador para tódalas tarefas da administración pública e as empresas que traballe con ela.

4.-No documento especificarase o número de DNI, NIF ou NIE, dirección, nome dos proxenitores, nome sentido da persoa interesada e os apelidos, e o sexo sentido da persoa que o solicita, ademais debe conter unha fotografía. A persoa solicitante poderá solicitar que non se realice ningunha referencia ao seu sexo.

en marea

enmarea.gal



5.- A rectificación do sexo sentido conforme a presente lei, unha vez realizada, só poderá ser novamente modificada con autorización xudicial.

6.- Regulamentariamente establecerase o procedemento de acreditación en base aos seguintes criterios:

- As solicitudes serán formuladas polas persoas interesadas ou, no seu caso, polos seus representantes legais, no caso de menores de idade, polos seus titores ou gardadores legais ou a través de servizos sociais no seu caso.

- Os trámites para a expedición da documentación administrativa prevista na presente lei serán gratuítos, e non requirirán de intermediación algunha, e en ningún caso implicarán a obrigação de achegar ou acreditar calquera tipo de documentación médica ou patolóxizante.

- Garantirase que as persoas sexan tratadas de acordo coa súa identidade de xénero libremente manifestada e respectarase a dignidade e a privacidade da persoa concernida.

- Non se alterará a titularidade xurídica dos dereitos e obrigacións que correspondan á persoa nin se prescindirá do número do documento nacional de identidade, sempre que o mesmo deba figurar. Cando pola natureza da xestión administrativa fágase necesario rexistrar os datos que obran no documento nacional de identidade, recolleranse as iniciais do nome legal, os apelidos completos e o nome elixido por razóns de identidade de xénero.

- Habilitaranse os mecanismos administrativos oportunos e coordinados para adaptar os arquivos, bases de datos e demais ficheiros das Administracións, eliminando toda referencia á identificación anterior da persoa, fóra das referencias necesarias no historial médico confidencial a cargo do Sistema sanitario da Comunidade de Galicia de conformidade co establecido no punto anterior.


7.- A Comunidade de Galicia facilitará o asesoramento necesario para realizar os cambios oportunos en ficheiros de organismos privados ou de carácter estatal, de acordo co recollido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Artigo 8.- Servizos de asesoramento e apoio ás persoas transexuais, os seus familiares e persoas achegadas.

1.- A Comunidade de Galicia garantirá que as persoas Trans teñan acceso aos servizos:

en marea

enmarea.gal



- De información, orientación e asesoramento, incluído o legal e de asistencia social con inclusión dos seus familiares e persoas achegadas en relación coas necesidades de apoio especificamente ligadas á condición de persoa Trans seguindo os principios de proximidade e non segregación.

- De promoción da defensa dos dereitos deste colectivo e de loita contra a discriminación que este padece no ámbito social, cultural, laboral e educativo.

- De asesoramento dos técnicos ou cadros directivos das organizacións non lucrativas que atendan ás necesidades das persoas Trans.

2.- Toda persoa cunha identidade de xénero que sexa a de muller e acredite tal condición de conformidade co disposto no artigo 3, e sexa vítima da violencia machista ou vítima de trata, terá acceso, en condicións de igualdade, aos recursos asistenciais existentes.

3.- Os servizos referidos no presente artigo atenderán tamén de forma específica ás persoas intersexuais.

Artigo 9.- Confidencialidade e respecto á privacidade:

1.- A Comunidade de Galicia velará polo respecto á confidencialidade dos datos relativos á identidade de xénero das persoas Trans en tódolos seus procedementos.


2.- Como consecuencia da expedición da documentación citada no artigo 7 ou da rectificación de sexo rexistral, a Comunidade habilitará os mecanismos administrativos oportunos e coordinados para a cancelación no prazo máximo dun ano do acceso aos datos que obraban en arquivos, bases de datos e demais ficheiros pertencentes ás administracións establecidas na Comunidade de Galicia de toda referencia á identificación anterior da persoa ou a calquera dato que faga coñecer a súa realidade Trans, excepción feita das referencias necesarias no historial médico confidencial da persoa a cargo do Servizo Galego de Saúde.

3.- A Comunidade de Galicia garantirá o axeitado nivel de seguridade e restrición no acceso aos datos relativos á condición de persoa Trans.

4.- Garántese o dereito de tódalas persoas beneficiarias desta lei ao acceso, corrección e cancelación dos seus datos persoais en poder das Administracións públicas e das

en marea

enmarea.gal



entidades privadas galegas, conforme ao establecido no apartado anterior, e á normativa vixente sobre protección de datos.


Artigo 10.- Medidas contra a transfobia.

As Administracións públicas galegas, en colaboración coas asociacións que traballan no ámbito da identidade de xénero:

- 1.- Deseñarán, aplicarán e avaliarán sistematicamente unha política proactiva en relación á mellor integración social das persoas transexuais. Dita política estará dotada dos instrumentos e estruturas necesarias para facela viable e ostentará carácter transversal.
- 2.- Desenvolverán e aplicarán programas de capacitación, sensibilización ou outros dirixidos a contrarrestar entre o persoal funcionario, laboral, estatutario e sanitario das administracións e dos organismos, sociedades e entes públicos galegos as actitudes discriminatorias, os prexuízos e os estereotipos dominantes por motivos de identidade de xénero.
- 3.- Empezarán campañas de sensibilización, dirixidas ao público en xeral, co fin de combater os prexuízos subxacentes á violencia relacionada coa identidade de xénero, e para obter o respecto efectivo da identidade de xénero das persoas Trans.
- 4.- Realizarán campañas entre a propia poboación de persoas Trans fomentando a autoestima e o sentido da propia dignidade fronte ás posibles reaccións adversas da contorna social e familiar.
- 5.- Defenderán eficazmente en materia de identidade de xénero o tratamento pluralista, a non difusión dos prexuízos que conducen á discriminación ou que incitan á violencia por motivos de orientación sexual ou de identidade de xénero nos medios de comunicación de titularidade pública ou privada.
- 6.- Apoiarán o recoñecemento e a acreditación de asociacións, colectivos e organizacións que promoven e protexen os dereitos das persoas Trans.
- 7.- Fomentarán incluíndo na planificación e subvención de actividades académicas e de investigación, que as universidades da comunidade atendan á formación e á

en marea

enmarea.gal



investigación en materia de identidade de xénero, establecendo convenios de colaboración se iso fose aconsellable, para:

- Impulsar a investigación e a profundización teórica, sobre a realidade humana da identidade de xénero.
- Elaborar estudos sociolóxicos e doutra índole sobre a realidade social das persoas Trans.
- Orientar e axudar nos plans de formación e de emprego das persoas Trans.
- Elaborar plans de formación para profesionais sanitarios e doutras ramas do coñecemento que entran en contacto coa transexualidade.

8.- Incentivarán de maneira activa a participación social e unha maior integración no ámbito lúdico e deportivo.


Artigo 11.- Principios da actuación administrativa en materia de identidade de xénero.

A actuación das Administracións públicas galegas en relación ao previsto nesta Lei axustarase aos seguintes principios:

- 1.- Coordinación entre a Comunidade de Galicia e as entidades locais e provinciais, que deberán axustar as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competencias respectivos.
- 2.- Descentralización e desconcentración na xestión dos centros e servizos, garantindo a máxima proximidade ás persoas usuarias dos mesmos e a cobertura de todo o territorio da Comunidade Autónoma.
- 3.- Homoxeneidade das prestacións asistenciais previstas nesta lei, con independencia da Administración que asuma a súa xestión ou tutela.
- 4.- Igualdade de trato e prestacións entre os usuarios, con independencia do municipio no que teñan a súa residencia.
- 5.- Suficiencia financeira e de medios materiais para satisfacer as situacións obxecto de protección.

en marea

enmarea.gal



6.- Eficacia e axilidade na prestación de servizos, especialmente os de carácter urxente ou inmediato.

7.- Garantía da calidade a través do establecemento de sistemas de control que permitan verificar a eficacia das actuacións e servizos previstos nesta Lei.

Artigo 12. Consello Consultivo Trans da Comunidade de Galicia.

A este fin e para adecuar o servizo ás necesidades reais e dispoñer dun mecanismo de avaliación sobre a efectividade das medidas adoptadas nesta lei, crearase un órgano de carácter consultivo denominado Consello Consultivo Trans da Comunidade de Galicia, no que se encontran representadas as asociacións e administracións competentes no ámbito da aplicación desta lei. Dito órgano, disporá dunha composición e réxime de funcionamento, desenvolverase regulamentariamente, reunirse como mínimo dúas veces o ano, e elevará un informe anual sobre a situación das persoas obxecto da presente lei no ámbito da Comunidade de Galicia, con propostas de mellora e adaptación os servizos ou administracións competentes sobre a base dos feitos constatados, dito informe será remitido ao Parlamento de Galicia.

TÍTULO II. ATENCIÓN SANITARIA ÁS PERSOAS TRANS


Artigo 13.- Protección do dereito á saúde física, mental, sexual e reprodutiva.

1.- Todas as persoas teñen dereito ao máis alto nivel de goce da saúde física e mental, incluída a saúde sexual e reprodutiva, sen discriminación algunha por razón de expresión ou identidade de xénero.

2.- O sistema sanitario público de Galicia garantirá que a política sanitaria sexa respectuosa cara as persoas en atención á súa identidade de xénero sentida, e incorporará servizos e programas específicos de promoción, asesoramento, prevención e atención que permitan ás mesmas, así como ás súas familias, gozar do dereito a unha atención sanitaria plena e eficaz que recoñeza e teña en conta as súas necesidades particulares.

en marea

enmarea.gal



3.- A atención sanitaria dispensada polo sistema sanitario público galego adecuarase á identidade de xénero sentida da persoa receptora da mesma.

4.- Pode haber casos que por unha falta de información prodúzase grandes discriminacións ao colectivo LGBTQI, por iso garántese un asesoramento ao paciente ou aos seus titores legais, cando no Sistema Público Galego atope indicios de que un paciente poida pertencer a este colectivo, pero non sabe, ou non entende a situación pola que está a pasar, prestando unha maior atención ao mundo rural polo risco de exclusión que este supón.

Artigo 14.- Atención sanitaria a persoas Trans.

1.- O sistema sanitario público da Comunidade de Galicia atenderá ás persoas Trans conforme aos principios de consentimento informado, libre autodeterminación de xénero, de non discriminación, de asistencia integral, de calidade, especializada, de proximidade e de non segregación.


Tendo dereito as persoas Trans a:

- Ser informadas e consultadas dos tratamentos que lles afecten e a que os procesos médicos que se lles apliquen, réxanse polo principio de consentimento informado e libre decisión do paciente ou titor legal.
- Utilizar ou emitir expresións vexatorias contra as persoas ou as súas familias pola súa identidade ou expresión de xénero na prestación de servizos públicos, en calquera medio de comunicación, en discursos ou intervencións públicas, ou nas redes sociais.
- Non facilitar o labor ou negarse parcialmente a colaborar coa acción investigadora dos servizos de inspección da Comunidade de Galicia no cumprimento dos mandatos establecidos na presente Lei.

3.- Son infraccións graves:

- A reiteración no uso ou emisión de expresións vexatorias por razón de identidade ou expresión de xénero na prestación de servizos públicos, en calquera medio de comunicación, en discursos ou intervencións públicas, ou nas redes sociais.
- O uso ou emisión de expresións que inciten á violencia contra as persoas Trans ou as súas familias, na prestación de servizos públicos, en calquera medio de comunicación, en discursos ou intervencións públicas, ou nas redes sociais.
- A non retirada inmediata por parte do prestador dun servizo da sociedade da información, de expresións vexatorias, ou de incitación á violencia por razón de identidade ou expresión de xénero, contidas en sitios web ou redes sociais das que sexa responsable, unha vez teña coñecemento efectivo do uso desas expresións.
- A realización de actos ou a imposición de disposicións ou cláusulas nos negocios xurídicos que constitúan ou causen discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
- A obstrución ou negativa absoluta a actuación dos servizos de inspección da Comunidade de Galicia no cumprimento dos mandatos establecidos na presente Lei.

en marea

enmarea.gal



- Impedir ou obstaculizar a realización de calquera trámite administrativo ou o acceso a un servizo público ou establecemento, por causa de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
- Realizar actos que impliquen illamento, rexeitamento ou menosprezo público e notorio de persoas por causa de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
- A implantación, o impulso ou a tolerancia de prácticas laborais discriminatorias en empresas que reciban subvencións, bonificacións ou axudas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A elaboración, utilización ou difusión en Centros educativos da Comunidade Autónoma de libros de texto e materiais didácticos, que presenten as persoas como superiores ou inferiores en dignidade humana en función da súa orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, ou que inciten á violencia por este motivo.


4.- Son infraccións moi graves:

- Adoptar comportamentos agresivos ou constitutivos de acoso, realizados en función da orientación sexual, identidade ou expresión de xénero dunha persoa, que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a súa dignidade, creando unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva para a mesma.
- Calquera represalia ou trato adverso que reciba unha persoa como consecuencia de presentar á mesma unha queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso de calquera tipo, destinado a impedir a súa discriminación e a esixir o cumprimento efectivo do principio de igualdade.
- A negativa para atender ou asistir de maneira efectiva a quen sufrise calquera tipo de discriminación ou abuso por razón da súa identidade ou expresión de xénero cando pola súa condición ou posto teña obriga de atender á vítima.

5.- Respecto das infraccións leves e graves, a discriminación múltiple incrementará, respecto de cada unha das accións concurrentes, un grao o tipo infractor previsto na Lei. A estes efectos enténdese por discriminación múltiple cando ademais de discriminación por motivo de expresión ou identidade de xénero, unha persoa sofre conxuntamente discriminación por outro motivo.

en marea

enmarea.gal



Artigo 54.- Reincidencia.

Para os efectos do previsto nesta lei, existirá reincidencia cando o responsable ou responsables da infracción prevista nela, fosen sancionados anteriormente mediante resolución firme pola realización dunha infracción contida nesta lei no prazo de dous anos, contados desde a notificación daquela.

Artigo 55.- Sancións.

1.- As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou con multa de 300 a 3.000 euros, en caso de existir reincidencia esta será sancionada con multa de 300 a 3.000 euros.

2.- As infraccións graves serán sancionadas con multa de 3.001 ata 20.000 euros. Ademais, poderán impoñerse como sancións accesorias algunha ou algunhas das seguintes:

- Prohibición de acceder a calquera tipo de axuda pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia por un período dun ano.
- Prohibición de contratar coa administración, os seus organismos autónomos ou entes públicos por período dun ano.


3.- As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 20.001 ata 45.000 euros, e ademais poderá impoñerse algunha ou algunhas das sancións accesorias seguintes:

- Prohibición de acceder a calquera tipo de axuda pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia por un período de ata tres anos.
- Inhabilitación temporal, por un período de ata tres anos, para ser titular, persoa física ou xurídica, de centros ou servizos dedicados á prestación de servizos públicos.
- Prohibición de contratar coa administración, os seus organismos autónomos ou entes públicos por un período de ata tres anos.

Artigo 56.- Gradación das sancións.

1.- Para a gradación das sancións terase en conta:

- A natureza e gravidade dos riscos ou prexuízos causados ás persoas ou bens.
- A intencionalidade do autor.



- A reincidencia.
- A discriminación múltiple e a victimización secundaria.
- A transcendencia social dos feitos ou a súa relevancia.
- O beneficio que obtivese o infractor.
- O incumprimento das advertencias ou requirimentos que previamente realizase a Administración.
- A pertenza da persoa infractora a forzas e corpos de seguridade.
- A pertenza da persoa infractora a un grupo organizado de ideoloxía claramente LGTBQIfóbica.
- A reparación voluntaria dos danos causados ou a corrección dos feitos que deron lugar a comisión do tipo infractor, sempre que iso teña lugar antes de que recaia unha resolución definitiva.

2.- Para a imposición das sancións pecuniarias e para a determinación da súa contía, deberá terse en conta que a comisión das infraccións non resulte máis beneficiosa para o infractor ou os infractores, que o cumprimento das normas infrinxidas.

Artigo 57.- Prescrición.


- 1.- As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos nove meses.
- 2.- O prazo de prescrición das infraccións comezará a computarse dende o día seguinte a aquel en que cometeuse a infracción.
- 3.- As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos dous anos, as graves ao ano, e as leves aos seis meses.
- 4.- O cómputo da prescrición das sancións comezará a correr dende que adquira firmeza a resolución que impoña a sanción.

Artigo 58.- Competencia.

- 1.- A imposición das sancións previstas, esixirá a previa incoación do correspondente expediente sancionador, que incluíra unha instrución correspondente ao titular do Servizo de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral competente en materia de non discriminación ás persoas, por motivos de identidade e expresión de xénero.

en marea

enmarea.gal



2.- Se durante a tramitación do expediente sancionador comprobábase que a competencia corresponde a outra Administración pública, darase traslado do expediente a Administración pública competente para a súa tramitación.

3.- A competencia para a imposición de sancións previstas na presente lei corresponderá:

- A persoa que ostente a titularidade da Secretaría Xeral competente, en materia de non discriminación de persoas por motivos de identidade e expresión de xénero, cando se trate da imposición de sancións por infraccións leves.
- A persoa titular da Consellería con competencias en materia de non discriminación de persoas por identidade e expresión de xénero, cando se trate de imposición de sancións por infraccións graves.
- A Xunta de Galicia para a imposición de sancións por infraccións moi graves.

Artigo 59.- Procedemento sancionador.


A potestade sancionadora exercerase de conformidade co que dispoñen a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Non discriminación por motivos de identidade de xénero no cómputo do prazo de residencia para ser beneficiario de calquera renda pertencente aos servizos públicos galegos, o igual que nos casos de traslados fóra da comunidade autónoma derivados de situacións constatadas de malos tratos familiares, de tratamentos socio-sanitarios, de rehabilitación como consecuencia de medidas especiais de protección en procedementos xudiciais, ou polo tratamento derivado da atención ás persoas Trans, ou por cumprimento de condena en establecementos penais radicados fóra da Comunidade de Galicia.

en marea

enmarea.gal



DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango emanadas dos órganos da Comunidade de

Galicia opóñanse ao previsto na presente Lei.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Desenvolvemento regulamentario


1.- Autorízase a Xunta de Galicia a dispoñer e asinar os convenios necesarios para o desenvolvemento desta lei con aquelas institucións e administracións que resulten competentes e oportunas.

2.- Se autoriza a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias foran necesarias para o desenrolo e a execución desta lei.

3.- As medidas contempladas na presente lei, que en virtude do seu desenvolvemento regulamentario impliquen a realización de gastos, serán orzadas con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma do exercicio seguinte a entrada en vigor das disposicións adoptadas para a súa aplicación.

en marea

enmarea.gal



DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Entrada en vigor:

Esta lei entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Asd Luis Villares Naveira

Asd Marcos Cal Ogando

A handwritten signature in black ink, appearing to be "Marcos Cal Ogando".

Santiago 5 de Maio de 2017.

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de Lei formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia (doc. núm. 8700, corrección erros 8746, 10/PPL-000005)



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1.3 8700(10/PPL-000005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei integral de identidade de xénero na
Comunidade de Galicia

Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017



Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei integral de identidade de xénero na Comunidade de Galicia**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A identidade de xénero é a vivencia interna, única e individual do xénero tal como cada persoa a sente e como a manifesta. Esta circunstancia única e persoal pode corresponder ou non có sexo asignado no nacemento, consistente na apreciación visual dos órganos xenitais externos. A existencia de persoas Trans, que son as que teñen unha identidade de xénero sentida non correspondente coa que lle asignaron o nacer, está presente en todas as culturas da humanidade, e en todo tempo histórico.

Non podemos pensar no colectivo Trans como algo homoxéneo que responde a uns patróns determinados. Por tanto, hai tantas formas de sentir e vivir a identidade de xénero, e tantos procesos e transicións como persoas Trans existen.

Algunhas sociedades aceptaron unha realidade de xénero non estritamente binaria, e articularon mecanismos sociais e leis que promoven a súa inclusión. Outras, como a nosa, manifestaron diversos graos de rexeitamento e represión das expresións de identidade de xénero non normativas, provocando graves violacións dos dereitos humanos das persoas Trans, o cal nos leva a necesidade de crear un marco normativo galego que recoñeza o dereito a identidade de xénero e a la libre expresión do xénero sentido como un dereito humano fundamental, e dotalo dos instrumentos adecuados para facelo efectivo.




No século XX a transexualidade comezou a tratarse dende o ámbito médico, considerándose como un trastorno de disforia de xénero, e cualificando as persoas Trans como afectadas por unha enfermidade mental. Durante cerca de setenta anos a transexualidade figurou como enfermidade nos principais manuais de diagnóstico e nas principais clasificacións de enfermidades, como a Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-IO) da Organización Mundial da Saúde o no Manual de diagnóstico de enfermidades psiquiátricas DSM-R da American Psychiatric Association (APA), baixo os cualificativos de “trastorno da identidade sexual” ou “desorde da identidade de xénero” onde o diagnóstico médico asociado é a “disforia de xénero”.

A Resolución do Consello de Europa do 22 de abril de 2015 favorable os dereitos das persoas Trans, transmite os Estados membros a necesidade de que desenrolen “leis e marcos legais explícitos para loitar contra a discriminación e os crimes de odio dos que as persoas Trans son vítimas”. Así mesmo se lles anima a adoptar procedementos “oportunos, transparentes e accesibles” para o recoñecemento legal da identidade de xénero, baseados na libre autodeterminación, e sen ningún tipo de limitación baseada en características persoais.

No seu punto 3 considera unha violación dos Dereitos Fundamentais entre outros, o diagnóstico da transexualidade como enfermidade mental. Así mesmo, o Comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg, solicitou á OMS a despatoloxización da transexualidade, declarando que a “disforia de xénero” debe deixar de considerarse como enfermidade mental nos países do Consello de Europa e os organismos internacionais da saúde.

O proceso de recoñecemento da despatoloxización da identidade de xénero na sociedade occidental segue un camiño imparable, pero aínda está lesos de concluír. No 2009 xorde na rede po la despatoloxización da transexualidade a nivel mundial, co




obxectivo da retirada do “trastorno de identidade de xénero” dos catálogos diagnósticos do DSV-IV e CIE-10. Este movemento conseguiu que recentemente a propia APA retirara o seu diagnóstico de trastorno da identidade de xénero, aínda que son moitas as voces que avogan nos terreos científicos e sociais po la definitiva despatoloxización da transexualidade e po la consideración da mesma como una mais das manifestacións da diversidade sexual do ser humano, xa que aínda que a APA o retirara como trastorno de identidade de xénero, este segue permanecendo no mesmo manual de trastornos co epígrafe “disforia de xénero”.

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Dende a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.

Este recoñecemento implícito da Declaración Universal se fai explícito con respecto as persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que deben ser tomadas en consideración, como os Principios de Yogyakarta.

No ámbito europeo, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2000) establece que “a Unión está fundada sobre os valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade”. E prohíbe de forma expresa no artigo 21 “toda discriminación”, e en particular a exercida “por razón de




sexo, raza, color, orixes étnicos ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual”.

Sobre esta base a Unión Europea construíu un sólido corpo de normas e resolucións dirixido a garantir a libre manifestación da identidade de xénero das persoas sen discriminación. Entre ditos elementos normativos podemos sinalar de maneira non exhaustiva as resolucións do Parlamento Europeo do 12 de setembro de 1989, do 8 de febreiro de 1994, do 18 de xaneiro de 2006, do 24 de maio de 2012, do 24 de xuño de 2013 e do 4 de febreiro de 2014, todas elas relativas a igualdade de dereitos das persoas Trans ou a os efectos colaterais de Directivas como a 2000/78/CE, do Consello, relativa o establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación. É necesario mencionar pola súa pertenza o caso das Directrices para promover e protexer o disfrute de todos os dereitos humanos das persoas (LGBTI), aprobadas polo Consello da Unión Europea o 24 de xuño de 2013 ou os informes da Axencia de Dereitos Fundamentais de la Unión Europea sobre a homofobia, transfobia e discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero dos anos 2010 e 2014.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma que a Constitución española no seu artigo 9.2, sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, o recoller a obrigación que corresponde os poderes públicos de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social».

No desenvolvemento deste mandato o respecto a identidade, o 15 de marzo de 2007 se promulgou a Lei reguladora da rectificación rexistral da mención relativa o sexo das




persoas, que permite o cambio da inscrición relativa o sexo no rexistro civil e con elo o cambio do nome, da documentación oficial e do estatus cidadán adscrito o sexo rexistrado. A Lei española do cambio de sexo rexistral desvincula por primeira vez o pleno exercicio dos dereitos civís vinculados o rexistro das cirurxías xenitais. Sen embargo, a Lei quedou restrinxida a persoas maiores de idade e de nacionalidade española. Posteriormente chegarían leis máis avanzadas, como a de Arxentina (2012), que é a primeira en despatoloxizar de maneira completa a transexualidade.

O estado español, sen embargo, non se limitou o simple recoñecemento do cambio de sexo rexistral, pois son moitas as normas que proscriben a discriminación no traballo, e a identidade de xénero recibiu tutela igualmente na Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo de protección a infancia e a adolescencia ou na recente reforma do Código Penal.

No ámbito autonómico desenroláronse ben leis específicas en Navarra (2009), País Vasco (2012), Andalucía (2014), Canarias (2014) e máis recentemente Madrid (2016) ou leis para o conxunto do colectivo LGTBI aquí en Galicia (2014), e tamén en Cataluña (2014) e Estremadura (2015), dando un paso adiante o garantir, non só o recoñecemento da identidade de xénero nos respectivos territorios, se non engadir igualmente unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da integración das persoas Trans na sociedade.

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, homosexuais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. O obxecto de esta Lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais. Esta Lei galega é claramente insuficiente e inxusta cara os dereitos e liberdades das persoas Trans, xa que o único artigo que fai




referencia expresamente o colectivo Trans, fala de que o acceso os tratamentos médicos requiridos, estarase a mercé dun criterio clínico.

Resulta por todo o exposto, esencial, o recoñecemento legal do dereito a identidade de xénero de toda persoa en un exercicio libre e sen presións legais ou sociais como corolario dos Dereitos constitucionais da igualdade de todas as persoas e o libre desenrolo da súa personalidade. E como concreción de dito recoñecemento, garantir que a Lei aplicable das persoas non as patoloxiza ou somete a condición de prexuízo sobre a súa capacidade, dignidade e habilidades.

Esta Lei segue na súa definición de identidade de xénero e expresión de xénero o criterio da Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea que a súa vez obtivo a definición tras un extenso traballo de consulta con as principais organizacións Trans europeas e internacionais. O concepto de identidade de xénero refírese a vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa a sinte profundamente, incluíndo a vivencia persoal do corpo, e outras como a vestimenta, o modo de falar e os modais. A identidade de xénero está xeralmente acompañada do desexo de vivir e recibir aceptación como membro de dito xénero, e incluso do desexo irrenunciable de modificar, mediante métodos hormonais, cirúrxicos ou de outra índole, o propio corpo, para facelo o máis congruente posible con xénero sentido como propio, cando non se corresponde con asignado o nacer.

A presión social, familiar e o ámbito laboral, por outro lado, poden crear situacións nas que é conveniente o apoio psicolóxico para unha mellor auto integración do proceso de cambio e empoderamento para facer fronte a dita presión. Todo iso, sen embargo, ha de facerse a requirimento da persoa interesada e sen un sometemento a patróns fixos de manifestación da sexualidade ou da identidade, xa que cada persoa é única nas súas características e vivencias o respecto. Ha de entenderse que a maioría das




persoas Trans non demandan que se lles preste apoio médico porque se sintan enfermas se non porque necesitan adaptar o seu corpo a súa identidade de xénero polos obstáculos sociais que encontran o seu libre desenvolvemento como persoas que realizan una manifestación libre do seu xénero. As persoas Trans sen embargo, non son un colectivo homoxéneo nin nas súas pretensións respecto a manifestación da súa identidade no campo social, nin nos seus requirimentos da asistencia, polo que non procede impoñer itinerarios únicos ou modelos estereotipados de identidade que poidan converterse a súa vez en vulneracións dos dereitos de ditas persoas.

A presente Lei, promove unha atención médica e social integral baseada no principio de respecto a libre manifestación da identidade de xénero de todas as persoas, nunha base de respecto a igualdade e a dignidade de todas elas. Así mesmo, se pretende que sexa un instrumento de normalización da transexualidade, como realidade visible, co fin de evitar que haxa persoas Trans que oculten a súa condición por temor a desaprobación social, así como outras consecuencias negativas da súa visibilidade social, para empezar a sentar as bases dun cambio necesario na concepción de dita realidade.

Esta Lei estruturase nun título preliminar, trece títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, e dúas disposicións finais.

O título preliminar dedicado ás disposicións xerais, contén unha serie de disposicións de carácter xeral nas que se recollen o obxecto da Lei, seu ámbito de aplicación e unhas definicións para facilitar a interpretación da norma, así como os principios de actuación das administracións públicas galegas en materia de identidade e expresión de xénero.

O título I, Tratamento administrativo da identidade de xénero, establece a creación dunha documentación administrativa necesaria para evitar situacións de sufrimento por exposición pública ou discriminación, garante o dereito a un servizo de



asesoramento e apoio as persoas Trans, as súas familias e persoas achegadas, establece os principios da actuación administrativa en materia de identidade de xénero, e crea o consello Consultivo Trans da comunidade autónoma de Galicia.

O Título II, Atención sanitaria ás persoas Trans establece o dereito á saúde e á asistencia sanitaria as persoas Trans, establecendo seus dereitos nesta materia e a carteira de servizos a que terán acceso, incluíndo os tratamentos a menores Trans. Para facelo efectivo se crean as Unidades asistenciais de referencia para a Identidade de Xénero que respectaran a libre determinación de xénero sentido das persoas Trans, e se establecen una serie de medidas para a formación de profesionais, a realización de guías de recomendacións e o establecemento de estatísticas.

No caso das persoas intersexuais, garantirase a integridade corporal dos menores intersexuais hasta que definan a súa identidade sentida e se lles ofrezca protección da súa intimidade e dignidade fronte as prácticas de exposición e análises de carácter abusivo, xa que sen coñecemento da identidade de xénero sentida da persoa intersexual, calquera intervención cirúrxica que asimile o menor a unha identidade pode ser una autentica castración traumática.

O Título III, Medidas no ámbito da educación, se establecen as actuacións en materia de identidade de xénero, expresión de xénero e diversidade sexual no ámbito educativo. Entre elas, un protocolo de atención educativa de identidade de xénero, que respecte a identidade sentida das persoas Trans nos centros educativos, a adopción de medidas para incorporar contidos educativos sobre a identidade e expresión de xénero, a diversidade sexual e familiar, en todos os niveis educativos, nos diferentes ciclos formativos e accións de formación e de divulgación, e a súa integración no currículo educativo autonómico. Tamén se establecen acciones no ámbito universitario, como o impulso da investigación sobre a identidade e a expresión de xénero.

O Título IV, Medidas no ámbito laboral e de Responsabilidade Social Empresarial, establece as medidas efectivas no ámbito laboral e de responsabilidade social , incluíndo políticas de fomento da igualdade e non discriminación no emprego para o colectivo de persoas Trans.


O Título V, Medidas no ámbito social, establécense as medidas para a inserción social das persoas Trans, medidas de apoio e protección en situacións de especial vulnerabilidade, estender a tutela ofrecida ás vítimas de violencia de xénero ás mulleres transexuais, de tutelar aos menores expulsados dos seus fogares con respecto á súa libre manifestación de identidade de xénero, e a atención ás vítimas de violencia por transfobia.

O Título VI, Medidas no ámbito familiar, se inclúen as medidas de apoio a diversidade familiar, e o recoñecemento como violencia familiar a producida dentro da familia por causa da identidade de xénero.

O Título VII, Medidas no ámbito da mocidade e das persoas maiores, establece medidas de protección, para a mocidade e as persoas dunha idade avanzada pertencentes o colectivo Trans.

O Título VIII, Medidas no ámbito do lecer, a cultura e o deporte, establece medidas para a promoción dunha cultura inclusiva, diversa e promotora de dereitos, que garante a plena igualdade e a non discriminación das persoas Trans no ámbito da práctica deportiva, e da actividade física.

O Título IX, Medidas no ámbito da Cooperación Internacional, expresa o compromiso de Galicia co dereito á vida, a igualdade e a liberdade daquelas persoas que sofren pola súa identidade de xénero persecución violencia ou criminalización nos países onde devanditos dereitos son negados ou ignorados.



O Título X, Comunicación, establece as competencias autonómicas a promoción da concienciación, divulgación e transmisión da inclusión social e o respecto á identidade e expresión de xénero, contribuíndo a un trato do colectivo exento de estereotipos.


O Título XI, Medidas no ámbito de seguridade e a privación de liberdade, establece un protocolo de atención á identidade de xénero nas forzas de seguridade, destinado en especial a paliar as consecuencias que sofren quen é vítimas dos delitos de odio por razón da súa identidade, e establecer unhas medidas necesarias para as persoas que están privadas da súa liberdade nos centros penais da comunidade.

O Título XII, Medidas administrativas para garantir a igualdade na atención a identidade de xénero, onde establece os principios aplicables á contratación administrativa, concesión de subvencións, formación dos funcionarios e persoal público, así como o compromiso de que as futuras normas da comunidade valoren o seu posible impacto normativo en cuestións pertinentes a discriminación por identidade de xénero.

O Título XIII, Infraccións e Sancións, establece a regulación das infraccións administrativas en materia de vulneración dos dereitos das persoas Trans.

Por último a Lei conta cunha disposicións adicional relativa os prazos de residencia a efectos do cobro de rendas pertencentes a administracións públicas galegas, unha Disposición transitoria, unha Disposición Derrogatoria, e dúas Disposicións Finais.

Con esta Lei, Galicia dá amparo e recoñecemento ao esforzo que as organizacións sociais, asociacións LGBTQI, os partidos políticos, as familias, e as persoas Trans desta comunidade fixeron durante anos, para que o respecto, á igualdade, e dignidade de todos os cidadáns de Galicia, sexa unha realidade sen exclusións.



TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Definicións:


Para os efectos previstos nesta Lei, entenderase por:

1.- Identidade sexual e/ou de xénero: a vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa sente e autodeterminase, sen que deba ser definida por terceiros, podendo corresponder ou non co sexo asignado o nacer, e podendo involucrar a modificación da aparencia ou a función corporal a través de medios farmacolóxicos, cirúrxicos ou doutra índole, sempre que iso sexa libremente escollido.

2.- Trans: Toda aquela persoa que se identifica cun xénero diferente ou que expresa a súa identidade de xénero de maneira diferente ao xénero que lle asignaron ao nacer. Para os efectos desta Lei e sen prexulgar outras acepcións sociais o termo Trans ampara múltiples formas de expresión da identidade de xénero ou subcategorías como transexuais, transxénero, travestís, variantes de xénero, queer ou persoas de xénero diferenciado, así como a quen define o seu xénero como "outro" ou describen a súa identidade nas súas propias palabras.

3.- Intersexualidade: variedade de situacións nas cales, unha persoa nace cunha anatomía reprodutiva ou sexual que non parece encaixar nas definicións típicas de masculino e feminino.

4.- Discriminación directa: hai discriminación directa cando unha persoa fose , sexa ou poida ser tratada de modo menos favorable que outra en situación análoga ou comparable, por motivos de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero ou pertenza a grupo familiar.



5.- Discriminación indirecta: hai discriminación indirecta cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por motivos de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero.


6.- Discriminación múltiple: hai discriminación múltiple cando ademais de discriminación por motivo de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero ou pertenza a grupo familiar, unha persoa sofre conxuntamente discriminación por outro motivo recollido na lexislación europea, nacional ou autonómica. Especificamente terase en conta que a posible discriminación por expresión, identidade de xénero, pódase sumar a pertenza a colectivos como os inmigrantes.

7.- Discriminación por asociación: hai discriminación por asociación cando unha persoa é obxecto de discriminación como consecuencia da súa relación cunha persoa, un grupo ou familia Trans.

8.- Discriminación por erro: situación na que unha persoa ou un grupo de persoas son obxecto de discriminación por orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero como consecuencia dunha apreciación errónea.

9.- Acoso discriminatorio: será acoso discriminatorio calquera comportamento ou conduta que por razóns de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero, ou pertenza a grupo familiar, realícese co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade, e de crear unha contorna intimidatorio, hostil, degradante, ofensivo ou segregado.

10.- Represalia discriminatoria: trato adverso ou efecto negativo que se produce contra unha persoa como consecuencia de a presentación de unha queixa, unha reclamación, unha denuncia, unha demanda ou un recurso, de calquera tipo, destinado a



evitar, diminuír ou denunciar a discriminación ou o acoso ao que está sometida ou foi sometida.


11.- Vitimización secundaria: considérase vitimización secundaria ao prexuízo causado ás persoas que fagan expresión da súa identidade de xénero que, sendo vítimas de discriminación, acoso ou represalia, sofren as consecuencias adicionais da mala ou inadecuada atención por parte dos responsables administrativos, institucións de saúde, policía ou calquera outro axente implicado.

Artigo 2.- Ámbito da Lei.

1.- A presente Lei será de aplicación a calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, calquera que sexa o seu domicilio ou residencia, que se atope ou actúe no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O Parlamento de Galicia, as entidades locais ou provinciais de Galicia, así como calquera entidade de dereito público ou privado vinculada ou dependente das mesmas, garantirán o cumprimento da Lei, e promoverán as condicións para facelas efectivas no ámbito das súas respectivas competencias. Neste sentido, apoiarán accións afirmativas sobre identidade de xénero, así como ao apoio do movemento asociativo da Comunidade de Galicia e os seus propios proxectos.

En atención ás particulares condicións que concorren nos centros penais, os poderes públicos de a Comunidade Autónoma promoverán, No ámbito das súas competencias, especial atención ao deseño e establecemento de protocolos de prevención, atención e asistencia as persoas lesbianas, homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero ou intersexuais presentes nos mesmos, ao obxecto de garantir a igualdade e non discriminación, e a actuar na medida das súas competencias para favorecer os



traslados necesarios, para que estas persoas cumpran a súa condena, no centro penal, sección ou á que corresponda ao seu xénero libremente manifestado, se estas persoas así o piden.

3.- A presente Lei aplicárase a:

- Todas as áreas da vida social
- Calquera etapa da vida das persoas.


- Todas as continxencias no transcurso da vida, como calquera cambio no estado civil, a formación dunha familia, a enfermidade, a incapacitación, a privación de liberdade ou a morte.

Artigo 3.- Obxecto.

A presente Lei ten por obxecto regular os principios, medidas e procedementos destinados a garantir os seguintes dereitos de todas as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia:

1.- O Dereito a:

- Ao recoñecemento da súa identidade de xénero libremente manifestada.
- Ao libre desenvolvemento da súa personalidade acorde a identidade ou expresión de xénero libremente manifestada sen sufrir presións ou discriminación por iso.
- A ser tratado de conformidade á súa identidade de xénero nos ámbitos públicos e privados, e en particular a ser identificado, e acceder a documentación acorde coa devandita identidade.



-A que se respecte a súa integridade física e psíquica así como as súas opcións en relación ás súas características sexuais e a súa vivencia da identidade ou expresión de xénero.

2.- O de garantir o dereito das persoas Trans a recibir da Comunidade de Galicia unha atención integral e adecuada as súas necesidades médicas, psicolóxicas, xurídicas, sociais, laborais, culturais e do resto de dereitos fundamentais que poidan ser recoñecidos, en igualdade de trato co resto da cidadanía.

3.- Protexer o exercicio efectivo da súa liberdade e sen discriminación en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social, especialmente, nas seguintes esferas:

-Emprego e traballo por conta allea e por conta propia, comprendendo o acceso, as condicións de traballo, a promoción profesional e a formación para o emprego.


-Acceso, promoción, condicións de traballo e formación no emprego público.

-Afiliación e participación en organizacións políticas, sindicais, empresariais, deportivas, profesionais e de interese social ou económico.

-Sanidade, Educación, Prestacións e servizos sociais, cultura e deporte.

-Acceso a oferta e subministración de bens e servizos a disposición do público, incluída a vivenda.

O disposto na presente Lei enténdese sen prexuízo dos réximes específicos máis favorables establecidos na normativa estatal ou autonómica, por razón das distintas causas de discriminación previstas na Lei.




Artigo 4.- Recoñecemento do dereito á identidade de xénero libremente manifestada:

1.- Toda persoa ten dereito a construír para si unha autodefinición con respecto ao seu corpo, sexo, xénero e a súa orientación sexual. A orientación, sexualidade e identidade de xénero que cada persoa defina para si é esencial para a súa personalidade e constitúe un dos aspectos fundamentais da súa dignidade e liberdade. Ningunha persoa poderá ser presionada para ocultar, suprimir ou negar a súa identidade de xénero, expresión de xénero, orientación sexual ou características sexuais. No ámbito de aplicación desta Lei, en ningún caso será requisito acreditar a identidade de xénero manifestada mediante informe psicolóxico ou médico, así como documentación identificativa de ningún tipo.

2.- Ningunha persoa será obxecto de requirimento algún de probas de realización total ou parcial de cirurxías xenitais, tratamentos hormonais ou probas psiquiátricas, psicolóxicas ou tratamentos médicos, para facer uso do seu dereito á identidade de xénero, ou acceder aos servizos, ou a documentación acorde a súa identidade de xénero sentida nas Administracións públicas ou entidades existentes en Galicia.

3.- Quedan prohibidas nos servizos sanitarios da Comunidade de Galicia as terapias de aversión ou de conversión das manifestacións de identidade de xénero libremente manifestadas polas persoas, así como as cirurxías xenitais das persoas intersexuais que non obedezan á decisión da propia persoa afectada ou á necesidade de asegurar unha funcionalidade biolóxica por motivos de saúde.

Artigo 5.- Non discriminación por motivos de identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais.



1.- A Comunidade de Galicia reconece a todas as persoas libres e iguais en dignidade e dereitos, con independencia da súa orientación sexual, da identidade e/ou expresión de xénero que manifeste ou das súas características sexuais.


2.- Ningunha persoa poderá ser obxecto de discriminación, acoso, penalización ou castigo por motivo da súa orientación sexual ou identidade de xénero. En particular, as persoas deben ser tratadas de acordo coa súa identidade de xénero manifestada, que é como a persoa preséntase ante a sociedade, con independencia do seu sexo legal, e así obrará a Comunidade de Galicia en todos e cada un dos casos nos que esta participe.

3.- Para os efectos desta Lei considérase prohibida toda forma de discriminación por razón de identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais incluíndo a discriminación, directa ou indirecta, por asociación e por erro, a discriminación múltiple, o acoso, a indución, orde ou instrución de discriminar, as represalias ou o incumprimento das medidas de acción positiva derivadas de obrigacións normativas ou convencionais, así como a victimización secundaria por inacción de quen ten un deber de tutela.

Artigo 6.- Menores Trans.

1.- As persoas Trans menores de idade teñen dereito a recibir da Comunidade de Galicia a protección e a atención necesarias para promover o seu desenvolvemento integral mediante actuacións eficaces para a súa integración familiar e social no marco de programas coordinados da administración sanitaria, laboral, de servizos sociais e educativa.

2.- As persoas Trans menores de idade teñen dereito a recibir o tratamento médico oportuno relativo a súa transexualidade. A atención sanitaria que se lles preste, en tanto



que menores, farase de acordo co disposto na Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de protección á infancia e a adolescencia, en a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica, a convención de Dereitos do neno e con atención ao establecido nos protocolos das sociedades médicas e pediátricas internacionais.

3.- Os menores de idade Trans teñen dereito a ser oídos e expresar a súa opinión en atención á súa madurez e desenvolvemento en relación a toda medida que se lles aplique.


4.- Toda intervención da Comunidade de Galicia deberá estar presidida polo criterio de atención ao interese superior do menor e dirixida a garantir o libre desenvolvemento da personalidade do menor conforme á identidade autopercebida, e a evitar situacións de sufrimento e indefensión.

5.- O amparo dos menores na presente Lei producirase por mediación dos seus titores ou gardadores legais ou a través de servizos sociais de protección dos menores cando se aprecie a existencia de situacións de sufrimento e indefensión por negación abusiva da súa identidade de xénero.

TÍTULO I. TRATAMENTO ADMINISTRATIVO DA IDENTIDADE DE XÉNERO

Artigo 7.- Documentación administrativa.

1.- As Administracións públicas da Comunidade de Galicia, no ámbito das súas competencias, deberán adoptar todas as medidas administrativas e de calquera outra índole que sexan necesarias a fin de asegurar que en todos e cada un dos casos e



procedementos nos que participe a Comunidade, obrarase tendo en conta que as persoas deben ser tratadas de acordo coa súa identidade de xénero, a que se corresponde co sexo ao que senten pertencer, así como que se respectará a dignidade e privacidade da persoa concernida e a heteroxeneidade do feito familiar.

Para as persoas transexuais inmigradas con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia, a documentación administrativa referida no parágrafo anterior entenderase vixente ata o momento no que poidan proceder ao cambio rexistral no país de orixe.


2.- Ao obxecto de favorecer unha mellor integración e evitar situacións de sufrimento por exposición pública ou discriminación, a Comunidade Autónoma de Galicia proverá a toda persoa que o solicite das acreditacións acordes á súa identidade de xénero manifestada que sexan necesarias para o acceso aos seus servizos administrativos e de toda índole.

3.- Devandito documento será identificativo para todas as tarefas da administración pública e as empresas que traballe con ela.

4.- No documento especificarase o número de DNI ou NIF ou NIE, dirección, nome dos proxenitores, nome sentido da persoa interesada e os apelidos, e o sexo sentido da persoa que o solicita, ademais debe conter unha fotografía. A persoa solicitante poderá solicitar que non se realice ningunha referencia ao seu sexo.

5.- A rectificación do sexo sentido conforma á presente Lei, unha vez realizada, só poderá ser novamente modificada con autorización xudicial.

6.- Regulamentariamente establecerase o procedemento de acreditación en base aos seguintes criterios:



-As solicitudes serán formuladas polas persoas interesadas ou no seu caso, polos seus representantes legais, no caso de menores de idade, polos seus titores ou gardadores legais ou a través de servizos sociais no seu caso.


-Os trámites para a expedición da documentación administrativa prevista na presente Lei serán gratuítos, e non requirirán de intermediación algunha, e en ningún caso implicarán a obrigação de achegar ou acreditar calquera tipo de documentación médica ou patoloxizante.

-Garantirase que as persoas sexan tratadas de acordo coa súa identidade de xénero libremente manifestada e respectarase a dignidade e privacidade da persoa concernida.

-Non se alterará a titularidade xurídica dos dereitos e obrigações que correspondan á persoa nin se prescindirá do número do documento nacional de identidade, sempre que este deba figurar. Cando pola natureza da xestión administrativa fágase necesario rexistrar os datos que obran en o documento nacional de identidade, recolleranse as iniciais do nome legal, os apelidos completos e o nome elixido por razóns de identidade de xénero.

-Habilitaranse os mecanismos administrativos oportunos e coordinados para adaptar os arquivos, bases de datos e demais ficheiros das Administracións, eliminando toda referencia a identificación anterior da persoa, fóra das referencias necesarias no historial médico confidencial a cargo do Sistema sanitario da Comunidade de Galicia de conformidade co establecido no punto anterior.

7.- A Comunidade de Galicia facilitará o asesoramento necesario para realizar os cambios oportunos en ficheiros de organismos privados ou de carácter estatal, de acordo co recolleito na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.



Artigo 8.- Servizos de asesoramento e apoio ás persoas transexuais, os seus familiares e persoas achegadas.

1.- A Comunidade de Galicia garantirá que as persoas Trans teñan acceso os servizos:

-De información, orientación e asesoramento, incluído o legal e de asistencia social con inclusión dos seus familiares e persoas achegadas en relación cas necesidades de apoio especificamente ligadas á condición de persoa Trans seguindo os principios de proximidade e non segregación.

-De promoción da defensa dos dereitos deste colectivo e de loita contra a discriminación que este padece no ámbito social, cultural, laboral e educativo.


-De asesoramento dos técnicos ou cadros directivos das organizacións non lucrativas que atendan ás necesidades das persoas Trans.

2.- Toda persoa cunha identidade de xénero que sexa a de muller e acredite tal condición de conformidade co disposto no artigo 3, e sexa vítima da violencia machista ou vítima de trata, terá acceso, en condicións de igualdade, aos recursos asistenciais existentes.

3.- Os servizos referidos no presente artigo atenderán tamén de forma específica ás persoas intersexuais.

Artigo 9.- Confidencialidade e respecto á privacidade:

1.- A Comunidade de Galicia velará polo respecto á confidencialidade dos datos relativos á identidade de xénero das persoas Trans en todos os seus procedementos.



A Comunidade de Galicia fomentará, en todos os medios de comunicación de titularidade autonómica e aqueles que perciban subvencións ou fondos públicos da Administración galega, a concienciación, divulgación e transmisión da inclusión social. e o respecto a identidade e expresión de xénero, emitindo contidos que contribúan a unha percepción do colectivo exenta de estereotipos, e ao coñecemento e difusión de necesidades e realidades da poboación Trans.

Artigo 42.- Códigos deontolóxicos.

A Comunidade de Galicia velará para que os medios de comunicación adopten, mediante autorregulación códigos deontolóxicos que incorporen o respecto a igualdade e a prohibición de discriminación por motivos de identidade ou expresión de xénero, tanto



en contidos informativos e de publicidade, como na linguaxe empregada. Esta disposición afectará a todos os medios, incluídos aqueles propiciados polas novas tecnoloxías.

TÍTULO XI. MEDIDAS NO ÁMBITO DE SEGURIDADE E A PRIVACION DE LIBERDADE

Artigo 43.- Protocolo de atención policial á identidade de xénero.


1.- A Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da súa competencia, elaborará e velará pola aplicación efectiva dun protocolo de atención ás persoas Trans, en especial cando sexan vítimas de agresións, acoso ou coaccións tanto físicas, como por medios virtuais.

2.- A Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da súa competencia, velará por que a formación das forzas de seguridade inclúa medidas de respecto a identidade e expresión de xénero, e a adopción das medidas necesarias, para a atención ás vítimas de delitos de odio por motivos de identidade, e/ou expresión de xénero, cando sexan vítimas de agresións, acoso ou coaccións, tanto físicas como por medios virtuais.

Artigo 44.- Orde Pública e Privación de Liberdade.

No ámbito da orde pública e da privación de liberdade, a Comunidade de Galicia no ámbito da súa competencia debe:

-Establecer as medidas pertinentes para garantir un trato e unha estancia adecuados das persoas LGBTQI nas dependencias policiais.



-Establecer normas de identificación e cacheo para persoas Trans de acordo coa identidade sentida.

-Permitir e facilitar as persoas Trans detidas ou internas, tanto por parte da autoridade policial como por parte da autoridade penal, a continuidade de calquera tratamento médico ou hormonal que estean a seguir.

- Garantir que as persoas Trans internas nos centros penais reciban un trato, e teñan unhas condicións de vida, que correspondan ao xénero co que se identifiquen.

-Garantir que as persoas Trans internas nos centros penais, se estas expresan o seu desexo, a realizar o traslado ao centro penal, ou sección que correspondan ao xénero sentido destas persoas.

-Garantir que na formación inicial e continuada do persoal de seguridade, como policías locais, seguridade privada e persoal penal, entre outros, trátase a diversidade no relativo á orientación sexual, a identidade de xénero ou a expresión de xénero, así como a normativa civil, administrativa e penal protectora das persoas LGBTQI.

TÍTULO XII. MEDIDAS ADMINISTRATIVAS PARA GARANTIR A IGUALDADE DAS PERSOAS NA ATENCIÓN A IDENTIDADE DE XÉNERO.

Artigo 45.- Contratación Administrativa e Subvencións.

1.- Poderase establecer, nos pregos de cláusulas administrativas particulares, a preferencia na adxudicación dos contratos para as proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, desenvolver medidas

destinadas a lograr a igualdade de oportunidades en atención á identidade e expresión de xénero.

2.- Así mesmo, a Xunta de Galicia poderá incorporar ás bases reguladoras das subvencións públicas a valoración de actuacións de efectiva consecución da igualdade das entidades solicitantes.

Artigo 46.- Formación de empregados públicos.

No ámbito da Administración Autonómica impartirase unha formación que garanta a sensibilización adecuada, e correcta actuación dos profesionais que prestan servizos nos ámbitos da saúde, a educación, o mundo laboral, familia e servizos sociais, os corpos de policía local, lecer cultura e deporte e comunicación, sempre respectando o xénero sentido das persoas Trans.

Artigo 47.- Avaliación de impacto normativo sobre a identidade ou expresión de xénero.

1.- As normas e resolucións da Comunidade de Galicia incorporarán a avaliación do impacto sobre identidade de xénero no desenvolvemento das súas competencias, para garantir a integración do principio de igualdade, e non discriminación por razón de identidade de xénero ou expresión de xénero.

Artigo 48.- Medidas de remoción e cesamento e indemnización.

A protección fronte calquera violación do dereito a igualdade das persoas por motivo de identidade ou expresión de xénero comprenderá, no seu caso, a adopción de cantas medidas sexan necesarias para o cesamento inmediato na conduta discriminatoria, adopción de medidas cautelares, prevención de violacións inminentes ou posteriores, indemnización de danos e prexuízos, e restablecemento pleno da persoa prexudicada no pleno exercicio dos seus dereitos.

Artigo 49.- Concepto de interesado.

1.- Terán a condición de interesados no procedemento administrativo:


-Quen o promova como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.

-As asociacións entidades e organizacións representativas dos colectivos de persoas Trans, e aquelas que teñan por obxecto a defensa e promoción de dereitos humanos', serán titulares de intereses lexítimos colectivos.

-Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo adóptese.

Artigo 50.- Investimento da carga da proba.

1.- Nos procesos autonómicos, cando a persoa interesada achega feitos ou indicios razoables, fundamentados e probados por calquera medio de proba admitido en dereito, de sufrir discriminación por razón de identidade ou expresión de xénero,



corresponde a aquel quen se atribúe a conduta discriminatoria, a achega de xustificación probada, obxectiva e razoable das medidas adoptadas.

2.- O previsto no apartado primeiro deste artigo non será de aplicación aos procesos penais, nin aos procedementos administrativos sancionadores.

TÍTULO XIII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 51.- Responsabilidade.

1.- Serán responsables das infraccións administrativas en materia de vulneración dos dereitos das persoas Trans e intersexuais as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas pola realización das accións ou omisións tipificadas na presente Lei. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde e das atribucións inspectoras e sancionadoras que no ámbito laboral poida exercer a Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2.- Cando o cumprimento das obrigacións previstas nesta Lei corresponda a varias persoas conxuntamente, estas responderán de maneira solidaria das infraccións que cometan e das sancións que se impoñan.

Artigo 52.- Concorrencia coa orde xurisdiccional penal

1.- Non poderán sancionarse os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, de feito e de fundamento.

2.- Nos supostos en que as infraccións puidesen ser constitutivas de ilícito penal, a Administración pasará o tanto de culpa ao órgano xudicial competente, ou ao Ministerio Fiscal, e absterase de seguir o procedemento sancionador, mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme ou resolución que poña fin ao procedemento, ou mentres o Ministerio Fiscal non comunique a improcedencia de iniciar ou proseguir actuacións.

3.- De non estimarse a existencia de ilícito penal, ou no caso de ditarse resolución doutro tipo que poña fin ao procedemento penal, a Administración continuará o expediente sancionador en base aos feitos que os Tribunais considerasen probados.

Artigo 53.- Infraccións.


1.- As infraccións administrativas cualifícanse como leves, graves e moi graves, en atención á natureza da obrigaón incumprida e á entidade do dereito afectado.

2.- Son infraccións administrativas leves:

-Utilizar ou emitir expresións vexatorias contra as persoas ou as súas familias pola súa identidade ou expresión de xénero na prestación de servizos públicos, en calquera medio de comunicación, en discursos ou intervencións públicas, ou nas redes sociais.

-Non facilitar o labor ou negarse parcialmente a colaborar coa acción investigadora dos servizos de inspección da Comunidade de Galicia no cumprimento dos mandatos establecidos na presente Lei.

3.- Son infraccións graves:



-A reiteración no uso ou emisión de expresións vexatorias por razón de identidade ou expresión de xénero na prestación de servizos públicos, en calquera medio de comunicación, en discursos ou intervencións públicas, ou nas redes sociais.

-O uso ou emisión de expresións que inciten á violencia contra as persoas Trans ou as súas familias, na prestación de servizos públicos, en calquera medio de comunicación, en discursos ou intervencións públicas, ou nas redes sociais.

-A non retirada inmediata por parte do prestador dun servizo da sociedade da información, de expresións vexatorias, ou de incitación á violencia por razón de identidade ou expresión de xénero, contidas en sitios web ou redes sociais das que sexa responsable, unha vez teña coñecemento efectivo do uso desas expresións.

-A realización de actos ou a imposición de disposicións ou cláusulas nos negocios xurídicos que constitúan ou causen discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

-A obstrución ou negativa absoluta a actuación dos servizos de inspección da Comunidade de Galicia no cumprimento dos mandatos establecidos na presente Lei.

-Impedir ou obstaculizar a realización de calquera trámite administrativo ou o acceso a un servizo público ou establecemento, por causa de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

-Realizar actos que impliquen illamento, rexeitamento ou menosprezo público e notorio de persoas por causa de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

-A implantación, o impulso ou a tolerancia de prácticas laborais discriminatorias en empresas que reciban subvencións, bonificacións ou axudas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A elaboración, utilización ou difusión en Centros educativos da Comunidade Autónoma de libros de texto e materiais didácticos, que presenten as persoas como superiores ou inferiores en dignidade humana en función da súa orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, ou que inciten á violencia por este motivo.

4.- Son infraccións moi graves:

-Adoptar comportamentos agresivos ou constitutivos de acoso, realizados en función da orientación sexual, identidade ou expresión de xénero dunha persoa, que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a súa dignidade, creando unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo para a mesma.

-Calquera represalia ou trato adverso que reciba unha persoa como consecuencia de presentar a mesma unha queixa, reclamación, denuncia, demanda ou recurso de calquera tipo, destinado a impedir a súa discriminación e a esixir o cumprimento efectivo do principio de igualdade.

-A negativa para atender ou asistir de maneira efectiva a quen sufrise calquera tipo de discriminación ou abuso por razón da súa identidade ou expresión de xénero cando pola súa condición ou posto teña obriga de atender á vítima.

5.- Respecto das infraccións leves e graves, a discriminación múltiple incrementará, respecto de cada unha das accións concorrentes, un grao o tipo infractor previsto na Lei. A estes efectos enténdese por discriminación múltiple cando ademais de discriminación por motivo de expresión ou identidade de xénero, unha persoa sofre conxuntamente discriminación por outro motivo.

Artigo 54.- Reincidencia.

Para os efectos do previsto nesta Lei, existirá reincidencia cando o responsable ou responsables da infracción prevista nela, fosen sancionados anteriormente mediante resolución firme pola realización dunha infracción contida nesta Lei no prazo de dous anos, contados desde a notificación daquela.

Artigo 55.- Sancións.

1.- As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou con multa de 300 a 3.000 euros, en caso de existir reincidencia esta será sancionada con multa de 300 a 3.000 euros.

2.- As infraccións graves serán sancionadas con multa de 3.001 ata 20.000 euros. Ademais, poderán impoñerse como sancións accesorias algunha ou algunhas das seguintes:

-Prohibición de acceder a calquera tipo de axuda pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia por un período dun ano.

-Prohibición de contratar coa administración, os seus organismos autónomos ou entes públicos por período dun ano.

3.- As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 20.001 ata 45.000 euros, e ademais poderá impoñerse algunha ou algunhas das sancións accesorias seguintes:

-Prohibición de acceder a calquera tipo de axuda pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia por un período de ata tres anos.

-Inhabilitación temporal, por un período de ata tres anos, para ser titular, persoa física ou xurídica, de centros ou servizos dedicados á prestación de servizos públicos.

-Prohibición de contratar coa administración, os seus organismos autónomos ou entes públicos por un período de ata tres anos.

Artigo 56.- Gradación das sancións.

1.- Para a gradación das sancións terase en conta:

- A natureza e gravidade dos riscos ou prexuízos causados ás persoas ou bens.
- A intencionalidade do autor.
- A reincidencia.
- A discriminación múltiple e a victimización secundaria.
- A transcendencia social dos feitos ou a súa relevancia.
- O beneficio que obtivese o infractor.
- O incumprimento das advertencias ou requirimentos que previamente realizase a Administración.
- A pertenza da persoa infractora a forzas e corpos de seguridade.
- A pertenza da persoa infractora a un grupo organizado de ideoloxía claramente LGTBQIfóbica.

-A reparación voluntaria dos danos causados ou a corrección dos feitos que deron lugar a comisión do tipo infractor, sempre que iso teña lugar antes de que recaia unha resolución definitiva.

2.- Para a imposición das sancións pecuniarias e para a determinación da súa contía, deberá terse en conta que a comisión das infraccións non resulte máis beneficiosa para o infractor ou os infractores, que o cumprimento das normas infrinxidas.

Artigo 57.- Prescrición.

1.- As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos nove meses.

2.- O prazo de prescrición das infraccións comezará a computarse dende o día seguinte a aquel en que cometeuse a infracción.

3.- As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos dous anos, as graves ao ano, e as leves aos seis meses.

4.- O cómputo da prescrición das sancións comezará a correr dende que adquira firmeza a resolución que impoña a sanción.

Artigo 58.- Competencia.

1.- A imposición das sancións previstas, esixirá a previa incoación do correspondente expediente sancionador, que incluíra unha instrución correspondente ao

titular do Servizo de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral competente en materia de non discriminación ás persoas, por motivos de identidade e expresión de xénero.

2.- Se durante a tramitación do expediente sancionador comprobábase que a competencia corresponde a outra Administración pública, darase traslado do expediente a Administración pública competente para a súa tramitación.

3.- A competencia para a imposición de sancións previstas na presente Lei corresponderá:

-A persoa que ostente a titularidade da Secretaría Xeral competente, en materia de non discriminación de persoas por motivos de identidade e expresión de xénero, cando se trate da imposición de sancións por infraccións leves.

-A persoa titular da Consellería con competencias en materia de non discriminación de persoas por identidade e expresión de xénero, cando se trate de imposición de sancións por infraccións graves.

-A Xunta de Galicia para a imposición de sancións por infraccións moi graves.

Artigo 59.- Procedemento sancionador.

A potestade sancionadora exercerase de conformidade co que dispoñen a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e o Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Non discriminación por motivos de identidade de xénero no cómputo do prazo de residencia para ser beneficiario de calquera renda pertencente os servizos públicos galegos, o igual que nos casos de traslados fóra da comunidade autónoma derivados de situacións constatadas de malos tratos familiares, de tratamentos socio-sanitarios, de rehabilitación como consecuencia de medidas especiais de protección en procedementos xudiciais, ou polo tratamento derivado da atención a persoas Trans, ou por cumprimento de condena en establecementos penais radicados fóra da Comunidade de Galicia.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango emanadas dos órganos da Comunidade de Galicia opóñanse ao previsto na presente Lei.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Desenvolvemento regulamentario

1.- Autorízase a Xunta de Galicia a dispoñer e asinar os convenios necesarios para o desenvolvemento desta Lei con aquelas institucións e administracións que resulten competentes e oportunas.

2.- Se autoriza a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións regulamentarias foran necesarias para o desenrolo e a execución desta Lei.


3.- As medidas contempladas na presente Lei, que en virtude do seu desenvolvemento regulamentario impliquen a realización de gastos, serán orzadas con cargo aos Orzamentos da Comunidade Autónoma do exercicio seguinte a entrada en vigor das disposicións adoptadas para a súa aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

 
Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

- 1.4 Debate de toma en consideración da Proposición de Lei formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 8701, 10/PPL-000006)


Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1.4 8701(10/PPL-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei integral de identidade de xénero de
Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Noela Blanco Rodríguez** e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei integral de identidade de xénero da Comunidade Autónoma de Galicia**.


Exposición de motivos

A identidade de xénero é a vivencia interna, única e individual do xénero tal como cada persoa a sente e como a manifesta. Esta circunstancia única e persoal pode corresponder ou non có sexo asignado no nacemento, consistente na apreciación visual dos órganos xenitais externos. A existencia de persoas Trans, que son as que teñen unha identidade de xénero sentida non correspondente coa que lle asignaron o nacer, está presente en todas as culturas da humanidade, e en todo tempo histórico.

Non podemos pensar no colectivo Trans como algo homoxéneo que responde a uns patróns determinados. Por tanto, hai tantas formas de sentir e vivir a identidade de xénero, e tantos procesos e transicións como persoas Trans existen.

Algunhas sociedades aceptaron unha realidade de xénero non estritamente binaria, e articularon mecanismos sociais e leis que promoven a súa inclusión. Outras, como a nosa, manifestaron diversos graos de rexeitamento e represión das expresións de identidade de xénero non normativas, provocando graves violacións dos dereitos humanos das persoas Trans, o cal nos leva a necesidade de crear un marco normativo galego que recoñeza o dereito a identidade de xénero e a la libre expresión do xénero sentido como un dereito humano fundamental, e dotalo dos instrumentos adecuados para facelo efectivo.

No século XX a transexualidade comezou a tratarse dende o ámbito médico, considerándose como un trastorno de disforia de xénero, e cualificando as persoas Trans como afectadas por unha enfermidade mental. Durante cerca de setenta anos a transexualidade figurou como enfermidade nos principais manuais de diagnóstico e nas principais clasificacións de enfermidades, como a Clasificación Internacional de



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia


Enfermidades (CIE-IO) da Organización Mundial da Saúde o no Manual de diagnóstico de enfermidades psiquiátricas DSM-R da American Psychiatric Association (APA), baixo os cualificativos de “trastorno da identidade sexual” ou “desorde da identidade de xénero” onde o diagnóstico médico asociado é a “disforia de xénero”.

A Resolución do Consello de Europa do 22 de abril de 2015 favorable aos dereitos das persoas Trans, transmite aos Estados membros a necesidade de que desenrolen “leis e marcos legais explícitos para loitar contra a discriminación e os crimes de odio dos que as persoas Trans son vítimas”. Así mesmo se lles anima a adoptar procedementos “oportunos, transparentes e accesibles” para o recoñecemento legal da identidade de xénero, baseados na libre autodeterminación, e sen ningún tipo de limitación baseada en características persoais.

No seu punto 3 considera unha violación dos Dereitos Fundamentais entre outros, o diagnóstico da transexualidade como enfermidade mental. Así mesmo, o Comisario de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Thomas Hammarberg, solicitou á OMS a despatoloxización da transexualidade, declarando que a “disforia de xénero” debe deixar de considerarse como enfermidade mental nos países do Consello de Europa e os organismos internacionais da saúde.

O proceso de recoñecemento da despatoloxización da identidade de xénero na sociedade occidental segue un camiño imparable, pero aínda está lesos de concluír. No 2009 xorde na rede po la despatoloxización da transexualidade a nivel mundial, co obxectivo da retirada do “trastorno de identidade de xénero” dos catálogos diagnósticos do DSV-IV e CIE-10.

Este movemento conseguiu que recentemente a propia APA retirara o seu diagnóstico de trastorno da identidade de xénero, aínda que son moitas as voces que avogan nos terreos científicos e sociais po la definitiva despatoloxización da transexualidade e po la consideración da mesma como una mais das manifestacións da diversidade sexual do ser humano, xa que aínda que a APA o retirara como trastorno de identidade de xénero, este segue permanecendo no mesmo manual de trastornos co epígrafe “disforia de xénero”.



Grupo Parlamentario


Partido dos
Socialistas
de Galicia

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Dende a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.

Este recoñecemento implícito da Declaración Universal se fai explícito con respecto as persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que deben ser tomadas en consideración, como os Principios de Yogyakarta.

No ámbito europeo, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2000) establece que “a Unión está fundada sobre os valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade”. E prohibe de forma expresa no artigo 21 “toda discriminación”, e en particular a exercida “por razón de sexo, raza, color, orixes étnicos ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual”.

Sobre esta base a Unión Europea construíu un sólido corpo de normas e resolucións dirixido a garantir a libre manifestación da identidade de xénero das persoas sen discriminación. Entre ditos elementos normativos podemos sinalar de maneira non exhaustiva as resolucións do Parlamento Europeo do 12 de setembro de 1989, do 8 de febreiro de 1994, do 18 de xaneiro de 2006, do 24 de maio de 2012, do 24 de xuño de 2013 e do 4 de febreiro de 2014, todas elas relativas a igualdade de dereitos das persoas Trans ou a os efectos colaterais de Directivas como a 2000/78/CE, do Consello, relativa o establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación. É necesario mencionar pola súa pertenza o




caso das Directrices para promover e protexer o desfrute de todos os dereitos humanos das persoas (LGBTI), aprobadas polo Consello da Unión Europea o 24 de xuño de 2013 ou os informes da Axencia de Dereitos Fundamentais de la Unión Europea sobre a homofobia, transfobia e discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero dos anos 2010 e 2014.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma que a Constitución española no seu artigo 9.2, sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, o recoller a obrigaón que corresponde os poderes públicos de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social».

No desenrolo deste mandato ao respecto a identidade, o 15 de marzo de 2007 se promulgou a Lei reguladora da rectificación rexistral da mención relativa o sexo das persoas, que permite o cambio da inscrición relativa o sexo no rexistro civil e con elo o cambio do nome, da documentación oficial e do estatus cidadán adscrito o sexo rexistrado. A lei española do cambio de sexo rexistral desvincula por primeira vez o pleno exercicio dos dereitos civís vinculados o rexistro das cirurxías xenitais. Sen embargo, a lei quedou restrinxida a persoas maiores de idade e de nacionalidade española. Posteriormente chegarían leis máis avanzadas, como a de Arxentina (2012), que é a primeira en despatoloxizar de maneira completa a transexualidade.

O estado español, sen embargo, non se limitou o simple recoñecemento do cambio de sexo rexistral, pois son moitas as normas que proscriben a discriminación no traballo, e a identidade de xénero recibiu tutela igualmente na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo de protección a infancia e a adolescencia ou na recente reforma do Código Penal.

No ámbito autonómico desenroláronse ben leis específicas en Navarra (2009), País Vasco (2012), Andalucía (2014), Canarias (2014) e máis recentemente Madrid (2016) ou leis para o conxunto do colectivo LGTBI aquí en Galicia (2014), e tamén en Cataluña (2014) e Estremadura (2015),



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

dando un paso adiante o garantir, non só o recoñecemento da identidade de xénero nos respectivos territorios, se non engadir igualmente unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da integración das persoas Trans na sociedade.

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, homosexuais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. O obxecto desta lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais. Esta lei galega é claramente insuficiente e inxusta cara os dereitos e liberdades das persoas Trans, xa que o único artigo que fai referencia expresamente o colectivo Trans, fala de que o acceso aos tratamentos médicos requiridos, estarase a mercé dun criterio clínico.

Resulta por todo o exposto, esencial, o recoñecemento legal do dereito a identidade de xénero de toda persoa en un exercicio libre e sen presións legais ou sociais como corolario dos Dereitos constitucionais da igualdade de todas as persoas e o libre desenvolvemento da súa personalidade. E como concreción de dito recoñecemento, garantir que a lei aplicable das persoas non as patoloxiza ou somete a condición de prexuízo sobre a súa capacidade, dignidade e habilidades.

Esta lei segue na súa definición de identidade de xénero e expresión de xénero o criterio da Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea que a súa vez obtivo a definición tras un extenso traballo de consulta con as principais organizacións Trans europeas e internacionais. O concepto de identidade de xénero refírese a vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa a sente profundamente, incluíndo a vivencia persoal do corpo, e outras como a vestimenta, o modo de falar e os modais. A identidade de xénero está xeralmente acompañada do desexo de vivir e recibir aceptación como membro de dito xénero, e incluso do desexo irrenunciable de modificar, mediante métodos hormonais, cirúrxicos ou de outra índole, o propio corpo, para facelo o máis congruente posible con xénero sentido como propio, cando non se corresponde con asignado ao nacer.

 Grupo Parlamentario	PARLAMENTO DE GALICIA REGISTRO XERAL ENTRADA	 
	05 MAI. 2017 Núm. 8701	

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A presión social, familiar e o ámbito laboral, por outro lado, poden crear situacións nas que é conveniente o apoio psicolóxico para unha mellor auto integración do proceso de cambio e empoderamento para facer fronte a dita presión. Todo iso, sen embargo, ha de facerse a requirimento da persoa interesada e sen un sometemento a patróns fixos de manifestación da sexualidade ou da identidade, xa que cada persoa é única nas súas características e vivencias ao respecto. Ha de entenderse que a maioría das persoas Trans non demandan que se lles preste apoio médico porque se sintan enfermas se non porque necesitan adaptar o seu corpo a súa identidade de xénero polos obstáculos sociais que encontran o seu libre desenrolo como persoas que realizan una manifestación libre do seu xénero. As persoas Trans sen embargo, non son un colectivo homoxéneo nin nas súas pretensións respecto a manifestación da súa identidade no campo social, nin nos seus requirimentos da asistencia, polo que non procede impoñer itinerarios únicos ou modelos estereotipados de identidade que poidan converterse a súa vez en vulneracións dos dereitos de ditas persoas.

A presente lei, promove unha atención médica e social integral baseada no principio de respecto a libre manifestación da identidade de xénero de todas as persoas, nunha base de respecto a igualdade e a dignidade de todos elas. Así mesmo, se pretende que sexa un instrumento de normalización da transexualidade, como realidade visible, co fin de evitar que haxa persoas Trans que oculten a súa condición por temor a desaprobación social, así como outras consecuencias negativas da súa visibilidade social, para empezar a sentar as bases dun cambio necesario na concepción de dita realidade.

Esta lei estruturase nun título preliminar, trece títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, e dúas disposicións finais.

O Título Preliminar dedicado ás disposicións xerais, contén unha serie de disposicións de carácter xeral nas que se recollen o obxecto da lei, seu ámbito de aplicación e unhas definicións para facilitar a interpretación da norma, así como os principios de actuación das administracións públicas galegas en materia de identidade e expresión de xénero.


Grupo Parlamentario	PARLAMENTO DE GALICIA REGISTRO XERAL ENTRADA	PSG PSOE
	05 MAI. 2017	
	NÚM. 8701	

O Título I, Tratamento administrativo da identidade de xénero, establece a creación dunha documentación administrativa necesaria para evitar situacións de sufrimento por exposición pública ou discriminación, garante o dereito a un servizo de asesoramento e apoio as persoas Trans, as súas familias e persoas achegadas, establece os principios da actuación administrativa en materia de identidade de xénero, e crea o consello Consultivo Trans da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Título II, Atención sanitaria ás persoas Trans establece o dereito á saúde e á asistencia sanitaria as persoas Trans, establecendo seus dereitos nesta materia e a carteira de servizos a que terán acceso, incluíndo os tratamentos a menores Trans. Para facelo efectivo se crean as Unidades asistenciais de referencia para a Identidade de Xénero que respectaran a libre determinación de xénero sentido das persoas Trans, e se establecen una serie de medidas para a formación de profesionais, a realización de guías de recomendacións e o establecemento de estatísticas.

No caso das persoas intersexuais, garantírase a integridade corporal dos menores intersexuais hasta que definan a súa identidade sentida e se lles ofrezca protección da súa intimidade e dignidade fronte as prácticas de exposición e análises de carácter abusivo, xa que sen coñecemento da identidade de xénero sentida da persoa intersexual, calquera intervención cirúrxica que asimile o menor a unha identidade pode ser una autentica castración traumática.

O Título III, Medidas no ámbito da educación, se establecen as actuacións en materia de identidade de xénero, expresión de xénero e diversidade sexual no ámbito educativo. Entre elas, un protocolo de atención educativa de identidade de xénero, que respecte a identidade sentida das persoas Trans nos centros educativos, a adopción de medidas para incorporar contidos educativos sobre a identidade e expresión de xénero, a diversidade sexual e familiar, en todos os niveis educativos, nos diferentes ciclos formativos e accións de formación e de divulgación, e a súa integración no currículo educativo autonómico. Tamén se establecen acciones no ámbito universitario, como o impulso da investigación sobre a identidade e a expresión de xénero.



O Título IV, Medidas no ámbito laboral e de Responsabilidade Social Empresarial, establece as medidas efectivas no ámbito laboral e de responsabilidade social, incluíndo políticas de fomento da igualdade e non discriminación no emprego para o colectivo de persoas Trans.

O Título V, Medidas no ámbito social, establécense as medidas para a inserción social das persoas Trans, medidas de apoio e protección en situacións de especial vulnerabilidade, estender a tutela ofrecida ás vítimas de violencia de xénero ás mulleres transexuais, de tutelar aos menores expulsados dos seus fogares con respecto á súa libre manifestación de identidade de xénero, e a atención ás vítimas de violencia por transfobia.


O Título VI, Medidas no ámbito familiar, se inclúen as medidas de apoio a diversidade familiar, e o recoñecemento como violencia familiar a producida dentro da familia por causa da identidade de xénero.

O Título VII, Medidas no ámbito da mocidade e das persoas maiores, establece medidas de protección, para a mocidade e as persoas dunha idade avanzada pertencentes o colectivo Trans.

O Título VIII, Medidas no ámbito do lecer, a cultura e o deporte, establece medidas para a promoción dunha cultura inclusiva, diversa e promotora de dereitos, que garante a plena igualdade e a non discriminación das persoas Trans no ámbito da práctica deportiva, e da actividade física.

O Título IX, Medidas no ámbito da Cooperación Internacional, expresa o compromiso de Galicia co dereito á vida, a igualdade e a liberdade daquelas persoas que sofren pola súa identidade de xénero persecución violencia ou criminalización nos países onde devanditos dereitos son negados ou ignorados.

O Título X, Comunicación, establece as competencias autonómicas a promoción da concienciación, divulgación e transmisión da inclusión social e o respecto á identidade e expresión de xénero, contribuíndo a un trato do colectivo exento de estereotipos.




O Título XI, Medidas no ámbito de seguridade e a privación de liberdade, establece un protocolo de atención á identidade de xénero nas forzas de seguridade, destinado en especial a paliar as consecuencias que sofren quen é vítimas dos delitos de odio por razón da súa identidade, e establecer unhas medidas necesarias para as persoas que están privadas da súa liberdade nos centros penais da comunidade.

O Título XII, Medidas administrativas para garantir a igualdade na atención a identidade de xénero, onde establece os principios aplicables á contratación administrativa, concesión de subvencións, formación dos funcionarios e persoal público, así como o compromiso de que as futuras normas da comunidade valoren o seu posible impacto normativo en cuestións pertinentes a discriminación por identidade de xénero.

O Título XIII, Infraccións e Sancións, establece a regulación das infraccións administrativas en materia de vulneración dos dereitos das persoas Trans.

Por último a lei conta cunha disposicións adicional relativa os prazos de residencia a efectos do cobro de rendas pertencentes a administracións públicas galegas, unha Disposición transitoria, unha Disposición Derrogatoria, e dúas Disposicións Finais.

Con esta lei, Galicia dá amparo e recoñecemento ao esforzo que as organizacións sociais, asociacións LGBTQI, os partidos políticos, as familias, e as persoas Trans desta comunidade fixeron durante anos, para que o respecto, á igualdade, e dignidade de todos os cidadáns de Galicia, sexa unha realidade sen exclusións.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia


TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Definicións:

Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por:

- 1.- Identidade sexual e/ou de xénero: a vivencia interna e individual do xénero tal e como cada persoa sente e autodeterminase, sen que deba ser definida por terceiros, podendo corresponder ou non co sexo asignado o nacer, e podendo involucrar a modificación da aparencia ou a función corporal a través de medios farmacolóxicos, cirúrxicos ou doutra índole, sempre que iso sexa libremente escollido.
- 2.- Trans: Toda aquela persoa que se identifica cun xénero diferente ou que expresa a súa identidade de xénero de maneira diferente ao xénero que lle asignaron ao nacer. Para os efectos desta Lei e sen prexulgar outras acepcións sociais o termo Trans ampara múltiples formas de expresión da identidade de xénero ou subcategorías como transexuais, transxénero, travestís, variantes de xénero, queer ou persoas de xénero diferenciado, así como a quen define o seu xénero como "outro" ou describen a súa identidade nas súas propias palabras.
- 3.- Intersexualidade: variedade de situacións nas cales, unha persoa nace cunha anatomía reprodutiva ou sexual que non parece encaixar nas definicións típicas de masculino e feminino.
- 4.- Discriminación directa: hai discriminación directa cando unha persoa fose, sexa ou poida ser tratada de modo menos favorable que outra en situación análoga ou comparable, por motivos de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero ou pertenza a grupo familiar.
- 5.- Discriminación indirecta: hai discriminación indirecta cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por motivos de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero.
- 6.- Discriminación múltiple: hai discriminación múltiple cando ademais de discriminación por motivo de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero ou pertenza a grupo familiar, unha persoa sofre conxuntamente discriminación por outro motivo recollido na lexislación europea, nacional ou autonómica. Especificamente terase en conta que a posible discriminación por expresión, identidade de xénero, pódase sumar a pertenza a colectivos como os inmigrantes.

Grupo Parlamentario



Partido dos
Socialistas
de Galicia

7.- Discriminación por asociación: hai discriminación por asociación cando unha persoa é obxecto de discriminación como consecuencia da súa relación cunha persoa, un grupo ou familia Trans.

8.- Discriminación por erro: situación na que unha persoa ou un grupo de persoas son obxecto de discriminación por orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero como consecuencia dunha apreciación errónea.

9.- Acoso discriminatorio: será acoso discriminatorio calquera comportamento ou conduta que por razóns de orientación sexual, expresión ou identidade de xénero, ou pertenza a grupo familiar, realícese co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade, e de crear unha contorna intimidatorio, hostil, degradante, ofensivo ou segregado.


10.- Represalia discriminatoria: trato adverso ou efecto negativo que se produce contra unha persoa como consecuencia de a presentación de unha queixa, unha reclamación, unha denuncia, unha demanda ou un recurso, de calquera tipo, destinado a evitar, diminuír ou denunciar a discriminación ou o acoso ao que está sometida ou foi sometida.

11.- Vitimización secundaria: considérase vitimización secundaria ao prexuízo causado ás persoas que fagan expresión da súa identidade de xénero que, sendo vítimas de discriminación, acoso ou represalia, sofren as consecuencias adicionais da mala ou inadecuada atención por parte dos responsables administrativos, institucións de saúde, policía ou calquera outro axente implicado.

Artigo 2.- Ámbito da lei.

1.- A presente lei será de aplicación a calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, calquera que sexa o seu domicilio ou residencia, que se atope ou actúe no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O Parlamento de Galicia, as entidades locais ou provinciais de Galicia, así como calquera entidade de dereito público ou privado vinculada ou dependente das mesmas, garantirán o cumprimento da lei, e promoverán as condicións para facelas efectivas no ámbito das súas respectivas competencias. Neste sentido, apoiarán accións afirmativas sobre identidade de xénero, así como ao apoio do movemento asociativo da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus propios proxectos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En atención ás particulares condicións que concorren nos centros penais, os poderes públicos de a Comunidade Autónoma promoverán, no ámbito das súas competencias, especial atención ao deseño e establecemento de protocolos de prevención, atención e asistencia ás persoas lesbianas, homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero ou intersexuais presentes nos mesmos, ao obxecto de garantir a igualdade e non discriminación, e a actuar na medida das súas competencias para favorecer os traslados necesarios, para que estas persoas cumpran a súa condena, no centro penal, sección ou á que corresponda ao seu xénero libremente manifestado, se estas persoas así o piden.

3.- A presente lei aplicárase a:

- Todas as áreas da vida social
- Calquera etapa da vida das persoas.
- Todas as continxencias no transcurso da vida, como calquera cambio no estado civil, a formación dunha familia, a enfermidade, a incapacitación, a privación de liberdade ou a morte.


Artigo 3.- Obxecto.

A presente Lei ten por obxecto regular os principios, medidas e procedementos destinados a garantir os seguintes dereitos de todas as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia:

1.- O Dereito a:

- Ao recoñecemento da súa identidade de xénero libremente manifestada.
- Ao libre desenvolvemento da súa personalidade acorde a identidade ou expresión de xénero libremente manifestada sen sufrir presións ou discriminación por iso.
- A ser tratado de conformidade á súa identidade de xénero nos ámbitos públicos e privados, e en particular a ser identificado, e acceder a documentación acorde coa devandita identidade.
- A que se respecte a súa integridade física e psíquica así como as súas opcións en relación ás súas características sexuais e a súa vivencia da identidade ou expresión de xénero.

2.- O de garantir o dereito das persoas Trans a recibir da Comunidade Autónoma de Galicia unha atención integral e adecuada as súas necesidades médicas, psicolóxicas, xurídicas, sociais, laborais, culturais e do resto de dereitos fundamentais que poidan ser recoñecidos, en igualdade de trato co resto da cidadanía.



3.- Protexer o exercicio efectivo da súa liberdade e sen discriminación en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social, especialmente, nas seguintes esferas:

-Emprego e traballo por conta allea e por conta propia, comprendendo o acceso, as condicións de traballo, a promoción profesional e a formación para o emprego.

-Acceso, promoción, condicións de traballo e formación no emprego público.

-Afilación e participación en organizacións políticas, sindicais, empresariais, deportivas, profesionais e de interese social ou económico.

-Sanidade, Educación, Prestacións e servizos sociais, cultura e deporte.

-Acceso a oferta e subministración de bens e servizos a disposición do público, incluída a vivenda.

O disposto na presente lei enténdese sen prexuízo dos réximes específicos máis favorables establecidos na normativa estatal ou autonómica, por razón das distintas causas de discriminación previstas na lei.

Artigo 4.- Recoñecemento do dereito á identidade de xénero libremente manifestada:

Crear máis emprego, pero tamén de mellor calidade, o que implica que a fórmula ten que ser maioritariamente de carácter indefinido, co obxectivo de acadar unha taxa de temporalidade por debaixo do 15% antes do remate de 2020.



2.- Impulsar o crecemento da economía sobre a base dos sectores produtivos estratéxicos, o que implica:

- a) Cambiar a orientación da política económica substituíndo a austeridade por políticas expansivas e a devaluación salarial por un incremento real dos salarios co fin de afortalar a demanda interna, que é o factor clave no crecemento da economía. E ademais e sobre todo, mellorando as condicións de vida da maioría social, combatendo a desigualdade e os baixos salarios, cunha redistribución no reparto da riqueza a favor das rendas salariais, porque iso, ademais de máis xusto, fai que o crecemento sexa sostible no medio e longo prazo.
- b) Aproveitar as capacidades do noso país, dos sectores produtivos onde temos vantaxes competitivas, dos recursos pouco aproveitados ou das empresas para ser quen de afortalar a estrutura produtiva do noso país, tanto nas actividades que historicamente son o núcleo da actividade económica como a diversificación cara outras actividades que sigan os cambios teolóxicos e medioambientais que se están a dar nos países máis desenvoltos.
- c) Priorizar os sectores de actividade vinculados ao cambio de modelo produtivo cara unha economía baixa en carbono no que van a gañar peso novos sectores ao tempo que se recuperan outros máis tradicionais nos que Galicia ten claras vantaxes competitivas.
- d) Desenvolver as actividades vinculadas á riqueza medioambiental do noso país, dos seus recursos naturais e da imaxe de marca de calidade que ten Galicia nas producións do sector primario, que deber servir ademais para darlle un futuro ao rural galego, dándolle oportunidades de emprego á xente e con elo fixando poboación en territorios que van no camiño da desertización poboacional.



- e) Incrementar os empregos relacionados cos servizos públicos propios do estado do benestar, tanto nos tradicionais como a saúde ou a educación coma nos novos, coma os que teñen que ver coa atención ás persoas maiores ou dependentes.
- f) Empregar as compras públicas para potenciar que as empresas do sector privado que contraten coas administracións públicas teñan unha política laboral socialmente responsable, o que implica a introdución de cláusulas sociais nos procesos de adxudicación de contratos de compra de bens e sobre todo de prestacións de servizos que fan as administracións, os entes e as empresas públicas.

3. Poñer en marcha de forma inmediata os instrumentos necesarios para desenvolver a Estratexia para o Emprego, que deberían ter como principios inspiradores a participación e o acordo de toda a sociedade galega, dende os axentes sociais a sobre todo os diferentes niveis de goberno, utilizando todas as competencias, con actuacións urxentes cara as persoas con maior risco de exclusión.

- a) Levar adiante de forma decidida as actuacións que o actual marco competencial establece como propias da Xunta de Galicia e que van dende as políticas sectoriais ás políticas activas de emprego, onde ten unha ampla marxe de decisión.
- b) Impulsar dende o goberno unha estratexia que busque un acordo entre os empresarios e os sindicatos que aborde os temas máis relevantes nas relacións laborais, como son a negociación colectiva, os salarios, a saúde laboral ou a loita contra a discriminación laboral.
- c) Defender que os diferentes niveis de goberno cambien de política económica e laboral para combater a precariedade, a desigualdade e a pobreza laboral, que se corrixan os profundos desequilibrios no actual



modelo de relacións laborais que veñen agravados polas ultimas reformas laborais, para construír un modelo máis equilibrado e máis xusto que teña como obxectivo o emprego estable e con dereitos.

d) Impulsar un Acordo polo Emprego de Calidade, coa participación de todos os niveis de goberno con competencias na materia, dos empresarios e os sindicatos do país xunto a todas aquelas entidades públicas e privadas que conforman a estrutura económica e laboral de Galicia. Un gran acordo que asuma como obxectivo reducir a taxa de paro por baixo do 8%, con emprego de calidade e que estableza os pasos a dar e as medidas orzamentaria que o respalden.

e) Aplicar un Plan de Choque urxente contra o Desemprego, para actuar a través do servizo público de emprego a favor das persoas que teñen as maiores dificultades de empregabilidade, o que vai requirir un aumento dos seus recursos, tanto orzamentarios como de persoal, recuperando o seu carácter plenamente público e acabando coa privatización de parte das súas tarefas que se levou a cabo nos últimos anos.

4. Darlle o maior rango institucional á Estratexia para o Emprego e ás políticas de emprego, porque a creación de emprego de calidade é o principal reto da sociedade galega e, polo tanto, tamén debería selo da Xunta. É necesario que volva a existir unha Consellería de Traballo con todas as competencias, a dotación orzamentaria, o persoal e a estrutura orgánica con maior especialización e experiencia para responsabilizarse desta tarefa central para a sociedade galega, para corrixir as graves carencias institucionais que ten a día de hoxe a política de emprego.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Antón Sánchez García



Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2017 12:51
Nº Rexistro: 10932
Data envío: 23/06/2017 12:51:26.912

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 23/06/2017 12:50:01

Antón Sánchez García na data 23/06/2017 12:50:14

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 10939(10/MOC-000039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 9360, publicada no BOPG n.º 120, do 31.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 20.06.2017)

Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2017 13:29
Nº Rexistro: 10939
Data envío: 23/06/2017 13:29:47.613



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada o día 20 de xuño de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán (10/INT-000398, doc. núm. 9360)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Facilitar aos membros da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia o informe de datos dispoñibles pola Consellería de Sanidade sobre atención hospitalaria, a partir do que se fai a planificación da atención sanitaria no verán.
- 2) Contratar en cada EOXI, durante a época de verán, ao persoal dispoñible necesario das listas de contratación de forma que se cubran as baixas por vacacións nos mesmos centros, servizos e categorías, nunha porcentaxe equiparable á porcentaxe de camas que se manteñan habilitadas.
- 3) Conformar unha mesa de avaliación da atención hospitalaria no verán, na que participen representantes das persoas traballadoras hospitalarias, que elabore un informe de conclusións para poder ser utilizado en seguintes anos.

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2017 13:29
Nº Rexistro: 10939
Data envío: 23/06/2017 13:29:47.613



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/06/2017 13:29:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/06/2017 13:29:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4. Propositions non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 8042(10/PNP-000741)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa materia de historia da filosofía, de 2º de bacharelato, e as probas de avaliación final de bacharelato, así como os aspectos que debe incluír ao respecto nas negociacións co Ministerio

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre as materias de Filosofía no Bacharelato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os alicerces da filosofía son a curiosidade, a dúbida, o diálogo e a autonomía persoal. Un sistema educativo que esqueza esta materia deixa de ser unha ferramenta de transformación social. A educación queda así a rebufo de esixencias laborais de curto e medio prazo, apontoando un determinado modelo de sociedade de consumo masivo e crecemento insostíbel. Os alumnos/as máis empregables son aqueles que non se cuestionan a realidade, que non dubidan, non pensan autonomamente nin suscitan demasiadas preguntas?

Quizá ese sexa o perfil de traballador que requiren as empresas pero, é ese o prototipo de cidadá/án que require a sociedade? As súas necesidades e intereses non teñen por que coincidir cos dos mercados. E o deber do sistema educativo non é formar traballadores, senón cidadáns e cidadás. Tamén cabe preguntarse se trazos definitorios da filosofía, como a orixinalidade, a innovación e a creatividade, non son desexables para as nosas empresas. Como se pode ter unha idea nova se nin sequer sabemos que é unha idea?

Queremos en primeiro lugar, dar voz a oito filósofos e filósofas que coas súas ideas e palabras que poden sustentar este argumentario.

Os docentes critican que a súa materia foi unha asignatura maltratada en todas as leis educativas españolas. E van sete. Pero engaden que nunca quedara tan minimizada como nesta última. É o recorte máis forte de todas as reformas educativas da democracia.

(Antonio Campillo)

Se a filosofía se menospreza porque o que aporta non contribúe directamente á competitividade na sociedade globalizada, cabe sospeitar que os gobernos estean buscando unha instrución na escola que sirva só aos intereses do mercado. Unha instrución que logo se quere perfeccionar na universidade, redefinida agora como unha fábrica de dóciles cerebros especializados. Lonxe queda a idea orixinal dun concello de mestres e profesores entregados ao estudo e a investigación, libres e independentes de intereses espurios. Xa non interesa a procura da verdade e o coñecemento, porque non aporta beneficios empresariais. Así, xunto con esta servidume institucional e institucionalizada, tamén desaparecen a autonomía e liberdade persoais.

(Carmen Segura Peraita)

A filosofía ocupa unha función esencial, porque nos obriga a pensar sobre a lingua, sobre o ben, sobre a xustiza, sobre o que somos, sobre a verdade. Desde os gregos, os filósofos sempre foron a conciencia crítica dunha época.

(Emilio Lledó)

Non creo que haxa unha estratexia definida, pensada, por parte dunhas mentes privilexiadas. O feito de que a progresiva ausencia de Filosofía no ensino medio poida carrexar que os nosos mozos carezan de ferramentas analíticas e críticas fronte ás ideoloxías non nos pode facer pensar que era iso o que se propoñían quen levaron a cabo este atropelo. Sería concederlles demasiado. Creo que hai descoñecemento, ignorancia, falta de reflexión en quen manexa os currícula do ensino. Estes mesmos defectos existen igualmente cando se engaden asignaturas, ou cando se modifican os programas.

(Maite Larrauri)

Paréceme que estamos no territorio da barbarie, nos tempos nos que vivimos de racionalidade e avance, a relixión debe ocupar outra parcela. Que avance en detrimento da filosofía, define bastante cara a onde queren os nosos dirixentes que camiñe esta sociedade.

(Antonio Cascón)

E agora podemos preguntarnos se os valores da democracia son os bos. A resposta absoluta é si, sen unha soa cautela. A liberdade, a igualdade, a solidariedade, a tolerancia son os valores por antonomasia, non hai ningún por encima deles. O asunto é se a xente pode renunciar aos valores máis altos cando cre que os seus modos de vida están ameazados. Claro que si. Non, non estamos nun momento fácil.



Se chega un momento en que unha persoa, muller ou varón, non sabe quen é Descartes, perderíamos a partida.

(Amelia Valcárcel)

A filosofía debe construír mentes abertas, non pode ser unha alternativa á relixión, os centros de ensino son o espazo público da razón. O contrario é remontarse a antes do século XVIII.

(José Luis Mora)

Quero unha política xusta, igualitaria, valente, desafiante, libre.

Que relación manteñen hoxe día a política e a ética? Como sociedade, parece que aceptamos que se incumpran programas electorais a diario e que non haxa que demitir nin asumir responsabilidades morais por casos de corrupción.

(Marina Garcés)

Da filosofía emana o pensamento crítico, que é o que sustenta a democracia.

(Enrique P. Mesa)

En segundo lugar queremos apoiar a reivindicación dun número representativo de profesores de Secundaria, SOGAFI, a Facultade de Filosofía da USC, o grupo Nexos, a Aula Castelao e Doxa, que preocupados pola desaparición da Filosofía en Secundaria, acordaron trasladar á Consellería de Educación, Cultura e



Ordenación Universitaria a necesidade de buscar solucións á situación de incerteza xerada pola aplicación da LOMCE no que atinxe ás materias de Filosofía no Bacharelato.

A perda da condición de troncal desta materia en segundo de Bacharelato, unida á renuncia a incluír Filosofía de primeiro de Bacharelato na Proba Final de Bacharelato, contravén o propósito declarado desta proba de validar a consecución, por parte de todos os bachareis, dos estándares e competencias integradas no currículo de Filosofía. Para a maior parte do alumnado a formación filosófica quedaría reducida a un currículo insuficiente e interrompido, xa que o curso de primeiro sería o único contacto curricular con este eido do saber en toda a etapa de ensino secundario. **É dicir, un/unha estudante podería cursar a educación obrigatoria e saír aos 16 anos sen ver os fundamentos que estruturan o pensamento occidental.**

Por outra parte, a materia que habería ser obxecto de avaliación na proba final de Bacharelato (ou na que se instaurase para o acceso á universidade), debería ser a Filosofía de segundo de Bacharelato, tanto polo seu carácter integrador canto polas capacidades e competencia que presenta o alumnado para acceder aos seus contidos.

Ás razóns expostas, engádese o feito dunha paulatina diminución do profesorado de Filosofía nos centros educativos, coas subseguintes dificultades para ofertar as diferentes optativas asociadas ao Departamento de Filosofía. Estas circunstancias están xa repercutindo na discontinuidade destes estudos nas ensinanzas universitarias, tanto nos específicos das Facultades de Filosofía coma nos doutras titulacións que teñan na súa formación obrigatoria esta materia ou competencias a ela ligadas.



Esta materia veu aumentada a súa carga curricular na última lei, sen se incrementar na mesma proporción a súa carga horaria. A sobrecarga resultante, imposibilita de todo punto a impartición do currículo na súa totalidade. Esta circunstancia, pon de manifesto a necesidade dunha reformulación da que resulten uns estándares de aprendizaxe acadables no horario adscrito á materia cara á próxima negociación do pacto educativo.

Ao contrario do que ocorre noutras materias, nas que ao longo do percorrido educativo do alumando se artellen os contidos de forma que se permite ao alumnado adquirir as competencias propias da materia de forma progresiva, as correspondentes á Filosofía no Bacharelato, semellan estar concibidas nos diferentes cursos académicos como compartimentos estancos, sen progresión de dificultade e, nalgúns casos, cun solapamento innecesario de contidos. Esta situación dificulta unha axeitada aprendizaxe dos conceptos da materia por parte do alumnado, dada a súa complexidade e profundidade. Por iso sería necesaria unha coordinación curricular entre os niveis da materia de Filosofía dende 4º da ESO (optativa na LOMCE), Primeiro de Bacharelato (obrigatoria e común en 1º de Bacharelato) e 2º de Bacharelato. Esta continuidade debería reflectirse nos contidos e na especialización dos conceptos ao longo das diferentes etapas.

Polo exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1. Dispoña para o vindeiro curso a equiparación de facto da materia de Historia da Filosofía de segundo de Bacharelato ás materias troncais, seguindo a vía anticipada por outras CC.AA caso de non estar aínda nese intre recoñecida como tal por acordo parlamentar.



2. Garanta a elaboración e corrección da materia de Psicoloxía, se é incluída nas futuras probas de avaliación final do Bacharelato, por parte do profesorado de Filosofía, xa que foi este o responsable de a impartir.
3. Use o 30% da súa dispoñibilidade sobre os estándares da proba de Avaliación Final do Bacharelato para buscar un acordo co conxunto do profesorado de Filosofía que garanta a súa adecuación ao máximo común divisor impartido en Galicia.
4. Elabore un modelo de exame que garanta a máxima obxectividade na corrección e propoña para as materias obxecto da Avaliación Final do Bacharelato unha batería de cuestións exemplares que poida servir de modelo de traballo para profesorado e alumnado.
5. Garanta a taxa de reposición do profesorado de Filosofía convocando prazas desta materia nas vindeiras oposicións que se convoquen.
6. Inclúa nas negociacións diante do Ministerio a volta á troncalidade da Historia da Filosofía en segundo de Bacharelato, así como a súa inclusión na proba de Avaliación Final de Bacharelato, caso de realizarse.
7. Inclúa nas negociacións diante do Ministerio unha proposta de revisión dos currículos das materias de Filosofía ao longo da etapa, de modo que se permita a coordinación entre elas, así como a súa adecuación aos horarios e etapas de desenvolvemento cognitivo do alumnado conforme avanza a súa especialización conceptual.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/04/2017 17:01:37

Luca Chao Pérez na data 18/04/2017 17:01:46

Luis Villares Naveira na data 18/04/2017 17:01:58

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 8631(10/PNP-000810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co control e seguimento dos incendios forestais provocados en Galicia, así como a axilización dos xuízos por esa causa

Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:46
Nº Rexistro: 8631
Data envío: 04/05/2017 13:46:03.812



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A superficie queimada en Galicia a 25 de abril de 2017 é altamente alarmante con case 2.000 ha arrasadas polo lume desde o Nadal.

Os lumes comezaron a facer acto de presenza desde principios de ano aproveitando a seca desta tempada, e como as condicións meteorolóxicas seguen amosando un comportamento anómalo para os parámetros habituais da meteoroloxía, aínda que a normalidade no comportamento meteorolóxico fai tempo que semella haber desaparecido e pouco a pouco as consecuencias do cambio climático van collendo carta de natureza e amosando a súa faciana máis dura e crítica.

Os incendios a estas alturas do ano parece que lamentablemente deixan de ser unha nota pintoresca para pasar a ser un alarmante presaxio do que pode chegar a pasar neste país se non cambian drasticamente as condicións climatolóxicas.

Todos e todas sabemos que se se dan certas circunstancias, como ter unha humidade relativa de menos do 30 %, se a temperatura está por riba dos 30 °, se o vento sopra por riba dos 30 km/h (máxime se é nordés) é a cuadratura perfecta, e tamén se estamos diante dunha tempada de seca onde pasen máis de 30 días sen chover. Con estes elementos conxugados o contexto perfecto para unha vaga de lumes está servido.

Estas circunstancias xúntanse co abandono crecente de amplas zonas do país que propician o crecemento descontrolado de mato, sotobosque e bosque sen ningún tipo de organización. As terras labradas e prados, que noutra hora eran un factor de freo aos lumes, hoxe vense reducidas e invadidas pola maleza, e xa non forman amplos espazos que illan o lume no monte; a este factor súmase o despoboamento e o envellecemento imparabile da poboación no medio rural.

 Grupo Parlamentario

A falta dunha organización do espazo e dos usos do chan veñen a incrementar o catálogo de eivas que sementan o panorama favorecedor dos lumes que ameazan con mudar a faciana do país.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nesta iniciativa queremos tocar outro dos factores que inciden nos lumes: os incendios intencionados.

Dentro desta categoría queremos centrarnos nos intencionados (deixamos de lado os incontrolados involuntarios, nomeadamente queimas autorizadas que por diversas razóns se escapan do control por abandono ou falta das medidas adecuadas para o seu control).

Segundo datos de diversas fontes, preto do 80 % dos lumes que asolan o país son debido a diversas tipoloxías de incendiarios polo que consideramos fundamental o control e o seguimento destes individuos con tan perigosas inclinacións.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

A) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Dotar de máis medios os organismos autonómicos encargados do control e do seguimento dos lumes.

2º) Realizar unha campaña de sensibilización nos centros de ensino.

B) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do Estado para que:

1º) En coordinación co Ministerio do Interior incremente o control en zonas sensibles ou de grande e reiterada incidencia dos lumes.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 13:46
Nº Rexistro: 8631
Data envío: 04/05/2017 13:46:03.812



 Grupo Parlamentario

2º) Dote de máis medios a Xustiza co fin de axilizar os xuízos por incendios.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 04/05/2017 13:33:12

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/05/2017 13:33:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/05/2017 13:33:37

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 9648(10/PNP-000901)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e 14 máis

Sobre a demanda ao Goberno de España para a promoción e establecemento de medidas que contribúan a garantir a seguridade viaria dos ciclistas

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 124,
07.06.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9648
Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados Guadalupe Murillo Solís, Julia Rodríguez Barreira, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Aurelio Nuñez Centeno, Martín Fernández Prado, Marta Novoa Iglesias, Jaime Castiñeiras Broz, Antonio Mouriño Villar, Diego Calvo Pouso, Gonzalo Trenor, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, o abeiro do disposto nos artigos 160, 98 concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Nos últimos tempos asistimos a un incremento de problemas relacionados cos accidentes viais nos que se ven involucrados os ciclistas. Se ben é certo que o risco mortal de ir en bicicleta en comparación co volume de persoas que usan este vehículo diminuíu -segundo a Dirección Xeral de Tráfico os ciclistas falecidos en vías urbanas en 2015 acadaron o seu mínimo histórico con 10 e a tendencia das mortes en vías interurbanas tamén é á baixa- o número de accidentes e de feridos aumenta no 70% das provincias españolas desde 2011. O acontecido nas últimas semanas obríganos, como representantes políticos dos cidadáns de Galicia, a tomar algunha determinación que tente axudar á desaparición das mortes tráxicas dos ciclistas nas nosas estradas e da vulnerabilidade que senten os usuarios deste medio de transporte e os practicantes deste deporte.

O problema dos accidentes de tráfico con ciclistas involucrados presenta unha dobre vertente. Por unha banda, cómpre tomar medidas in situ, a través dun traballo de campo, nos lugares onde se producen con maior frecuencia estes accidentes ou onde circulan un maior número de ciclistas. Por outra banda, é preciso modificar convenientemente o Código Penal para facilitar as denuncias das vítimas e o cobro das súas indemnizacións así como para penar coherentemente estes delitos nos que o infractor, en moitos casos, queda impune, xerando na cidadanía e nos afectados unha sensación de impotencia.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9648
Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

Actualmente a lexislación non está suficientemente adaptada para dar respaldo xurídico tanto á actuación das Forzas e Corpos de Seguridade como aos Tribunais de Xustiza para facer fronte á esta problemática que afecta hoxe en día a un sector crecente da sociedade -o último Barómetro da Bicicleta en España, realizado por GESOP por encargo da Rede de Cidades pola Bicicleta, pon de manifesto un significativo crecemento no uso deste vehículo desde 2011- que crea evidentes prexuízos e limita e vulnera o pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos.

Desde a Secretaría Xeral para o Deporte promóvese o ciclismo como un deporte completo que xera importantes beneficios nos deportistas que o practican ademais de ser unha actividade sustentable que axuda a que os nosos cidadáns e cidadás afasten enfermidades relacionadas co sedentarismo adquirindo uns hábitos saudables que melloran a súa calidade de vida dun xeito destacado, tal e como se insiste desde o programa Galicia Saudable. O ciclismo cobra importancia tamén no Goberno galego como protagonista en dúas das federacións deportivas galegas como son a Federación Galega de Ciclismo e a Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno e as axudas que estas reciben. O deporte en xeral é unha actividade que debe estar presente no noso día a día desde as idades máis temperás ata a nosa vellez. Por iso promóvese o ciclismo, dentro do programa Xogade, que aglutina toda a oferta deportiva promovida pola Xunta de Galicia, como parte da modalidade de duatlón que se compón de carreira a pé e carreira en bicicleta, para que os máis pequenos coñezan este deporte e teñan a posibilidade de continuar a súa formación deportiva a través desta disciplina.

Tamén desde a Consellería de Infraestruturas e Vivenda se está a manter un diálogo constante con este colectivo de cara á promoción e posta en marcha de medidas concretas que contribúan a garantir a súa seguridade viaria; colaborando de modo continuo para afondar en medidas que reforcen a seguridade dos ciclistas, que son os usuarios máis vulnerables das estradas.

Así se recolle no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, aprobado pola Xunta, onde os ciclistas están considerados como un colectivo de especial atención, prevíndose actuacións específicas encamiñadas a ofrecerlle unha maior seguridade.

Nesta liña, cómpre destacar a colaboración que se vén mantendo desde a Consellería de Infraestruturas e Vivenda coa Federación Galega de Ciclismo, que consiste na entrega de cortaventos reflectantes que fagan aos ciclistas máis visibles; unha prenda que eles mesmos consideran como a máis axeitada para facilitarlles a práctica do deporte e que, ao tempo, lles garante que sexan ben visibles cando circulen polas estradas.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9648
Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

Ademais, a Xunta tamén puxo en marcha e está a executar o Plan de Sendas de Galicia que, nunha primeira e segunda fase, recolle a construción de 170 novos quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas para facilitar unha mobilidade segura aos usuarios máis vulnerables das estradas.

Esta fin de semana producíronse en distintas cidades da xeografía española diversas concentracións en apoio a unha iniciativa que propón medidas para mellorar a seguridade dos afeccionados e deportistas que practican ciclismo. Nestas manifestacións leuse un comunicado dos usuarios da bicicleta como medio de transporte, ocio ou deporte asinado pola Federación Española de Ciclismo, a Federación Española de Triatlón, a Coordinadora ConBici, Ciclojuristas, así como as federacións autonómicas de Ciclismo e Triatlón.

Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos necesario apoiar algunhas das reivindicacións desta iniciativa e que a consideración e a concienciación acerca da importancia do ciclismo, ben como deporte ou ben como actividade, na nosa sociedade sexa compartida por todos os cidadáns e cidadás, así como por todas as entidades, organizacións e administracións que coas súas medidas poden mellorar a situación dos ciclistas e contribuír á protección deste colectivo formado por milleiros de persoas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao goberno de España para que inicie os trámites necesarios para a reforma do Código Penal que permitan mellorar o marco normativo que regula estes delitos:

a) Recuperar a figura da imprudencia (despenalizada en xullo de 2015) en calquera dos seus grados, con resultados de lesionados e falecidos como suposto penal.

b) Revisar o concepto de imprudencia grave cando se provoque un accidente con alcohol ou drogas para ser considerado delito por dolo eventual e aumentar a súa pena.

2. Dirixirse ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para intensificar o control que se leva a cabo nas estradas urbanas e interurbanas, nomeadamente naqueles tramos nos que hai maior concentración de ciclistas:

a) Vixilancia habitual da Garda Civil de Tráfico (incluíndo medios aéreos) con especial atención aos ciclistas.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9648
Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

b) Intensificar os controis en zonas habituais de ciclistas, especialmente orientados aos controis de drogas e alcohol.

c) Prestar unha maior atención aos accidentes de ciclistas en todo o país mediante a elaboración de informes.

3. Dirixirse ás Administracións titulares de estradas (Administración Xeral do Estado, Xunta de Galicia, deputacións provinciais e concellos) para, en vías de presenza frecuente de ciclistas realizar unha correcta, visible e abundante sinalización en puntos estratéxicos con carteis que recorden a presenza de ciclistas así como a distancia de 1,5 metros a contar desde a presenza dos ciclistas en paralelo.

4. Dirixirse a tódalas administracións implicadas na seguridade viaria (Administración Xeral do Estado, Xunta de Galicia, deputacións provinciais e concellos) para, en colaboración co Ministerio do Interior a través da Dirección Xeral de Tráfico, levar a cabo campañas sobre as grandes vantaxes do uso da bicicleta e consellos para a seguridade viaria. Nomeadamente, desenvolvemento de campañas de concienciación para crear condutas responsables e seguras entre os distintos usuarios das estradas (*peóns, ciclistas, condutores de distintos tipos de vehículos a motor...*); así como na posta en marcha de medidas que contribúan a reforzar e garantir a seguridade principalmente dos colectivos que se consideran máis vulnerables”.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/05/2017 14:38:35

María Guadalupe Murillo Solís na data 30/05/2017 14:39:13

María Julia Rodríguez Barreira na data 30/05/2017 14:39:20

Paula Prado Del Río na data 30/05/2017 14:40:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9648
Data envío: 30/05/2017 14:49:07.296

Alberto Pazos Couñago na data 30/05/2017 14:40:14

César Manuel Fernández Gil na data 30/05/2017 14:40:33

Jacobo Moreira Ferro na data 30/05/2017 14:40:43

María Isabel Novo Fariña na data 30/05/2017 14:41:05

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/05/2017 14:41:22

Martín Fernández Prado na data 30/05/2017 14:41:35

Marta Novoa Iglesias na data 30/05/2017 14:41:47

Jaime Castiñeira Broz na data 30/05/2017 14:42:07

Antonio Mouriño Villar na data 30/05/2017 14:42:17

Diego Calvo Pouso na data 30/05/2017 14:42:29

Gonzalo Trenor López na data 30/05/2017 14:42:39

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 30/05/2017 14:42:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 9980(10/PNP-000932)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos complementos de nocturnidade e festividade que están a cobrar os profesionais dos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Atención Urxente Extrahospitalaria en Galicia, foi regulada polo Decreto 172/1995 do 18 de maio, coa creación dos Puntos de Atención Continuada e modificado parcialmente polo Decreto 156/2005. Neste sentido, mediante a Orden de 4 de xuño de 2008 (DOG núm. 115 do 16 de xuño de 2008) acórdase regular a provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e de enfermería dos Puntos de Atención Continuada.

A exposición de motivos expresa de xeito claro a necesidade de axustar as peculiaridades da prestación de servizo nos PACs en coherencia coas políticas de persoal aplicables a todos os profesionais do SERGAS e atendendo no referente as retribucións asume as características destes postos de traballo ligados a factores como a nocturnidade e a festividade, regulando as mesmas no seu artigo 6º.

A Disposición Adicional transitoria da Orde fai relación á aplicación paulatina dos complementos de nocturnidade e festividade das contías previstas no seu artigo 6º.2 de xeito que no 2010 aplicaríase o 100% da contía.

Con todo, a día de hoxe, os traballadores e traballadoras dos PACs están a recibir un trato discriminatoria respecto ao resto do persoal do SERGAS, cobrando ditos complementos ao 80% e non ao 100% como o resto de profesionais, o que supón un agravio comparativo e unha vulneración dun dereito fundamental.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a cumprir a legalidade
equiparando os complementos de nocturnidade e festividade das e dos
profesionais dos PACs, para que pasen a cobrar o 100% de ditos complementos
tal e como está contemplado na normativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/06/2017 13:45:14

Luis Villares Naveira na data 05/06/2017 13:45:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 10414(10/PNP-000970)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana, así como as destinadas a demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos destinados a axilizar os trámites necesarios para proceder á devolución das cantidades cobradas aos contribuíntes afectados

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 132,
21.06.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 12:43
Nº Rexistro: 10414
Data envío: 13/06/2017 12:43:10.421

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Cristina Romero Fernández, Gonzalo Trénor López, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, María Antón Vilasánchez e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O 'Incremento de Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana', regulado en el RDL 2/2004, del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (en diante LHL) é un imposto local, dos chamados potestativos, polo que os concellos poden decidir establecelo ou non.

O feito impoñible do imposto é, de acordo co artigo 104 da LHL o incremento de valor que experimenten os terreos urbanos e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título.

A cuantificación do imposto faise de forma obxectiva atendendo ao seu valor catastral e aos anos (cun máximo de 20) durante os cales o propietario foi titular do terreo.

Este método de cuantificación estableceuse por razóns de simplificación da aplicación do Imposto, pero provoca situacións nas que, a pesar de non existir un incremento real do valor do terreo ou mesmo unha perda de valor, a aplicación da norma determina a tributación por este imposto.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 12:43
Nº Rexistro: 10414
Data envío: 13/06/2017 12:43:10.421

Nos últimos anos o problema recrudeceuse porque a crise inmobiliaria provocou unha perda xeneralizada de valor dos inmobles urbanos.

O certo é que esta situación deu pé a un importante número de reclamacións xudiciais que finalmente desembocaron na formulación de cuestións de inconstitucionalidade, por consideralo contrario ao principio de capacidade económica contido no artigo 31 da CE.

Froito das cuestións expostas o TC emitiu senllas sentenzas declarando inconstitucionais a Norma Foral de Guipúzcoa (STC 26/2017 de 16 de febreiro) e a Norma Foral de Álava (STC 37/2017 de 1 de marzo), nos artigos que regulan a cuantificación do Imposto. Declaráronse inconstitucionais e nulos *“únicamente en la medida que someten a tributación situaciones de inexistencia de incrementos de valor”*.

As normas declaradas inconstitucionais son idénticas, no que á cuantificación do imposto refírese, á normativa que rexe en territorio común (artigo 107 LHL), respecto do que tamén existían expostas cuestións de inconstitucionalidade, polo que o TC ven de pronunciarse en idéntico sentido na recente sentenza de 11/05/2017 na cuestión de inconstitucionalidade nº 4864/2016 e declara por unanimidade que os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4, todos eles do texto refundido da LHL, son inconstitucionais e nulos, pero unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

É importante apuntar que o TC sinala claramente que o IIVTNU non é con carácter xeral, contrario á CE. O é unicamente naqueles supostos nos que somete a tributación casos que non reflicten capacidade económica na medida na que non hai aumento de valor do terreo no momento da transmisión.

O Grupo Parlamentario Popular entende que é preciso modificar a LHL para adaptala a estes pronunciamentos, aínda que xa con esta última sentenza, para os casos nos que se fixeron tributar supostos nos que non existiu aumento de valor do terreo, os concellos deben de proceder a instrumentar mecanismos áxiles para tramitar á devolución das cantidades indebidamente recadadas.

Polo anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 12:43
Nº Rexistro: 10414
Data envío: 13/06/2017 12:43:10.421

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno de España a modificación do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais no relativo ao imposto sobre os incrementos de valor dos terreos de natureza urbana aos efectos de axeitala ás últimas sentenzas do Tribunal Constitucional.
2. Demandar dos concellos galegos a habilitación de mecanismos para proceder á devolución aos contribuíntes afectados das cantidades indebidamente recadadas nos supostos declarados inconstitucionais polo Tribunal Constitucional. Estes mecanismos promoverán que a devolución se realice do xeito máis eficaz posible e mediante procedementos áxiles, co fin de evitar a conflitividade neste ámbito tributario.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/06/2017 12:40:04

José González Vázquez na data 13/06/2017 12:40:14

María Guadalupe Murillo Solís na data 13/06/2017 12:40:23

Paula Prado Del Río na data 13/06/2017 12:40:29

Cristina Isabel Romero Fernández na data 13/06/2017 12:40:38

Gonzalo Trenor López na data 13/06/2017 12:40:45

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/06/2017 12:40:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/06/2017 12:41:04

Raquel Arias Rodríguez na data 13/06/2017 12:41:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



Silvestre Balseiros Guinarte na data 13/06/2017 12:41:22

Moisés Blanco Paradelo na data 13/06/2017 12:41:29

Carlos Gómez Salgado na data 13/06/2017 12:41:37

Daniel Vega Pérez na data 13/06/2017 12:41:47

Maria Antón Vilasánchez na data 13/06/2017 12:41:56

Diego Calvo Pouso na data 13/06/2017 12:42:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 10444(10/PNP-000975)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a ampliación de competencias da Comisión das Caixas
para investigar a caída do Banco Pastor

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á ampliación de competencias da Comisión das Caixas para investigar a caída do Banco Popular.

Levamos case unha década cunha intensa crise no sector financeiro, após no 2008 estourasen varias burbullas financeiras dando comezo a este largo período de turbulencias no sector. A actuación dos poderes públicos, lonxe de emprender unha reforma no camiño de reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública que evitara de novo a expansión das burbullas financeiras, veu propiciada polo pacto PP-PSOE de encarar unha “reestruturación” do sector, co obxectivo de concentrar e centralizar o sector financeiro, privatizando e bancarizando as caixas de aforros e reducindo o número de entidades, sometidas ademais á supervisión única de institucións centrais do Estado. Baixo esta óptica, levouse a cabo un proceso que para Galiza tivo nefastas consecuencias, sendo a máis clara e evidente a perda das caixas de aforros e a perda da galeguidade e absorción de entidades bancarias como o Banco Pastor ou o Banco Gallego.

A intensidade da crise financeira, o proceso de reestruturación bancaria, e as actuacións dos responsábeis da desaparición das caixas galegas de aforros motivou a creación no Parlamento de Galiza da “Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financiera das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 10444
Data envío: 13/06/2017 16:24:11.825

Porén, os sucesos acontecidos estas semanas fan necesario ampliar o obxecto de investigación desta comisión, xa que asistimos á caída bursátil e posterior venda do grupo que absorbeu ao Banco Pastor -o Banco Popular-, a prezo de saldo, xa que foi mercado polo Banco Santander ao módico e simbólico prezo dun euro. Existe un amplo consenso en valorar este feito como unha moi mala noticia para a economía galega, toda vez que o Banco Popular era ate o momento o segundo operador bancario en Galiza a continuación de Abanca e contaba cunha Fundación cunha importante actividade social.

A súa venda trátase dunha estafa financeira en toda regra, na que todos os accionistas acaban de perder os seus investimentos após o Banco Central Europeo intervisse o banco a través do Mecanismo Único de Resolución. Este feito supón o final dunha cadea de decisións políticas e erros na supervisión que comezaron co deseño do rescate financeiro no estado español, un rescate que á vista dos feitos, resultou desproporcionadamente caro e ineficiente. A caída do Banco Popular demostra os problemas persisten e quedan lonxe de resoltos na banca do Estado Español, nomeadamente o impacto dos activos tóxicos, ao tempo que poñen en evidencia que a nova lexislación baseada no “deixar facer” non mudou o escenario, xa que os organismos supervisores repetiron os mesmos erros e esquemas das crises de Bankia ou das Caixas Galegas, tendo grande responsabilidade nos acontecementos.

Cabe destacar a ausencia de control por parte do Banco de España, e tamén sorprende a falta de actuación da CNMV ante a aposta baixista contra o Banco Popular nos mercados bursátiles, ao contrario do que fixo días despois con Liberbank, onde neste caso a entidade reguladora suspendeu a cotización deste banco para impedir aos inversores especular coa caída da cotización do banco.

Dende o BNG entendemos que hai que investigar o que aconteceu no sector financeiro. Neste sentido a caída do Banco Popular pon en evidencia erros e carencias



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 10444
Data envío: 13/06/2017 16:24:11.825

que nos debería levar a investigar a actuación por parte de todos os axentes, nomeadamente dos organismos supervisores. Neste sentido, parece lóxico aproveitar a coñecida como “Comisión de investigación das caixas” para ampliar as súas competencias e que tamén inclúa como obxecto de investigación os sucesos que acabamos de describir.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza adopta como resolución ampliar as competencias da denominada “Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias”, de xeito que inclúa no seu obxecto o seguinte:

- 1. A investigación das diferentes actuacións e responsabilidades do cadro directivo, os organismos supervisores e dos gobernos galego e central que desencadearon na liquidación do Banco Pastor.*
- 2. O impacto da compra do Banco Popular por parte do Banco Santander no que ten a ver coas responsabilidades derivadas dunha nova modalidade de estafa bancaria para os seus accionistas, nomeadamente os minoristas.*
- 3. O impacto da progresiva concentración e centralización bancaria -concretada en Galiza na desaparición das caixas e na absorción de entidades bancarias como o Banco Pastor e o Banco Gallego- e as súas*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 10444
Data envío: 13/06/2017 16:24:11.825

negativas consecuencias para Galiza, tais como a negativa evolución recente da relación entre depósitos e créditos, a caída do crédito e a perda de calidade dos servizos bancarios.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2017 16:23:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 10795(10/PNP-001014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da venda do Banco Popular Pastor na marca Banco Pastor, nos postos de traballo existentes e nas persoas e colectivos afectados, así como nas actividades da Fundación Barrié de la Maza en Galicia

Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 10:18
Nº Rexistro: 10795
Data envío: 22/06/2017 10:18:39.279



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do deputado **Abel Losada Alvarez** e da deputada **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Coa venda do Banco Popular, que no seu momento, comprou o Banco Pastor, de longa historia e arraigo en Galicia, ao Banco Santander, ponse o punto e final ao tecido financeiro desta comunidade autónoma. Prodúcese ademais unha situación oligopolística moi forte, con dous axentes que van a ter unha relevante posición de dominio de mercado. En Galicia, dous bancos van a dispor de máis de dous tercios do mercado financeiro e isto é un risco elevado para as persoas consumidoras.

As consecuencias deste proceso que rematou nestes días poden anticiparse. É imprescindible evitar un novo axuste laboral sobre as 1.200 persoas traballadoras do Banco Pastor en Galicia, vítimas de deficientes regulacións, supervisións e xestións financeiras feitas por outros.

Ademais de maiores dificultades de acceso ao crédito para Pemes e familias, e un crecente proceso de exclusión financeira en moitos municipios do rural.

Esta situación lévanos aos socialistas a mostrar a nosa preocupación por estes efectos que a venda do Banco Popular ao Banco Santander podan ter para os empregados e empregadas, ademais das consecuencias negativas para as persoas consumidoras que pode provocar a crecente concentración do sistema financeiro, e en xeral para a sociedade galega.

É importante lembrar que o Banco Popular, trala absorción do galego Banco Pastor, tiña unha presenza moi importante en Galicia; de aí tamén a nosa preocupación polos efectos que a súa desaparición poda ter en Galicia sobre os empregados e empregadas que, ademais, eran en boa medida tamén accionistas, e que van a perder parte dos seus aforros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Defender ante o novo/a propietario/a o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor.
2. Defender ante o/a novo/a propietario/a o mantemento en Galicia do maior volume posible dos postos de traballo existentes, e arbitrar as medidas menos traumáticas posibles, pactadas cos sindicatos, para o axuste laboral que sexa necesario.
3. Defender ante o/a novo/a propietario/a o impacto en termos de empregos indirectos e indución de actividades que o Banco Pastor-Popular xera en Galicia, promovendo un plan de mantemento e recuperacións das mesmas.
4. Defender a necesidade de arbitrar medidas de cooperación institucional que permitan minorar o mais posible o impacto dos cambios de propiedade, e colaborar co mantemento das actividades da Fundación Barrié en Galicia.
5. Solicitar aos organismos de regulación e supervisión bancaria, así como a CNMV, a investigación das últimas ampliacións de capital e emisións de accións e instrumentos similares, así como as condicións en que moita xente mercou accións nas últimas ampliacións de capital do Banco Popular.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 10:18
Nº Rexistro: 10795
Data envío: 22/06/2017 10:18:39.279



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6. Colaborar desde o ámbito autonómico para facilitar aos pequenos accionistas a presentación das reclamacións que permitan recuperar os aforros afectados por esas ampliacións de capital e operacións conexas.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/06/2017 10:16:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/06/2017 10:17:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/06/2017 10:17:19

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 10801(10/PNP-001016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coas propostas de legalización e normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada

Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao papel da administración diante das propostas de legalización e normalización dos ventres de alugueiro.

Nos últimos tempos vimos asistindo a un maior protagonismo na palestra pública de debates arredor dos ventres de alugueiro, tanto a través dos medios de comunicación como a partir das declaracións públicas de representantes públicos, comunicados, mocións e outros tipos de manifestacións de opinión. Máis aínda, diversas entidades sociais así como organizacións políticas teñen feito o anuncio de inminentes propostas lexislativas, mesmo a través duna proposta de iniciativa lexislativa popular (ILP), impulsada por asociacións detrás das que se atopan intereses económicos claros (clínicas privadas, bufetes de avogacía...).

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que estamos diante dun escenario político e institucional non que é plausíbel que nun prazo non moi extenso de tempo se leve a debate a legalización e lexislación dunha forma de mercantilización do corpo da muller denominado co eufemismo de *xestación subrogada*. Neste contexto, entendemos que é importante que os foros políticos galegos deliberen a respecto desta cuestión.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 10:47
Nº Rexistro: 10801
Data envío: 22/06/2017 10:47:16.598

Como consideración introdutoria, desde o Bloque Nacionalista Galego aseveramos que se trata dun debate profundo que atinxe aos máis elementais dereitos de dignidade das mulleres e desbotamos os intentos de limitar o debate ao terreo medicinal e á limitación do seu alcance a unha mera técnica de asistencia para a reprodución. Por outra banda, cómpre recordar que nesta cuestión, como en calquera outra das moitas que atinxen á vida das mulleres, non é alleo o contexto social e económico. Polo tanto, non podemos obviar nin analizar separadamente o feito de atopármolos nun momento de ofensiva capitalista que ten graves consecuencias sobre as clases populares do noso país e, máis aínda, sobre as mulleres, xa que as políticas neoliberais dos gobernos galegos e estatal así como as políticas mundiais e europeas inciden de forma fundamental á hora de perpetuar e aumentar as desigualdades e o mantemento do sistema patriarcal.

Neste sentido, falamos premeditadamente de *ventres de alugueiro* no lugar de empregar eufemismos como *maternidade subrogada* por que entendemos que detrás desta práctica agóchase a mercantilización dos corpos das mulleres. Máis aínda, neste contexto social e económico entendemos que é inevitábel que abra a porta a que moitas mulleres se vexan obrigadas polo seu contexto vital e social a desenvolver ese papel de incubadora e polo tanto, incorrer maioritariamente nunha terríbel desigualdade na relación contractual. O resultado esperado sería que persoas cunha determinada capacidade económica recibirían, achegando unha determinada contía, unha crianza xestada no ventre doutra muller dunha posición económica e/ou social inferior.

Mesmo internacionalmente, organismos nada sospeitosos de ser contrarios ao máis feroz capitalismo como o Parlamento Europeo advertiron desta nova forma de explotación das mulleres e da agresión que supón en termos de respecto aos dereitos humanos. Por exemplo, no seu *Informe anual sobre os dereitos humanos e a democracia no mundo (2014) e a política da Unión Europea ao respecto (2015/2229(INI))* indicando literalmente “a práctica da xestación por substitución, que é

contraria á dignidade humana da muller, xa que o seu corpo e as súas funcións reprodutivas empréganse como unha materia prima” e tamén con contundencia que “debe prohibirse esta práctica que implica a explotación das funcións reprodutivas e a utilización do corpo con fins financeiros ou doutro tipo, en particular no caso das mulleres vulnerábeis nos países en desenvolvemento”.

Doutra banda, entendemos tamén que non se pode identificar o feito de ter descendencia biolóxica como un dereito e polo tanto non se pode superpoñer este interese particular á salvagarda xeral do ben común e da igualdade. Ademais, existen oportunidades como a adopción, que redunda tamén no cumprimento do dereito das crianzas a teren un fogar.

É habitual atopar entre os argumentos a favor deste procedemento o recurso ao “altruísmo”. Porén, adoita enmascarar outros intereses. Neste sentido, cómpre lembrar que non se pode decidir a regulación en base a casos específicos que puntualmente poidan situarse fóra da rede mercantil que existe neste ámbito e recordar a dificultade de dirimir con criterios obxectivos ese presunto altruísmo. Cómpre, xa que logo, evitar agochar nesta vía o grande perigo que supón a normalización e banalización dos ventres de alugueiro.

A orientación máis popular do debate vén xirando arredor do desexo da maternidade e paternidade biolóxicas e escúdase nas garantías legais de quen “contrata” este mecanismo. Nesta relación contractual, o papel da muller pasa a ser o de incubadora, despóxaselle de dignidade e sométese a prácticas abusivas durante a xestación e o parto, limitando a súa capacidade decisoria nun proceso que ten consecuencias que poden afectar á integridade persoal, emocional e física. De todos estes riscos e de terribes situacións dá cumprida conta calquera pesquisa polas hemerotecas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 10:47
Nº Rexistro: 10801
Data envío: 22/06/2017 10:47:16.598

Nada indica que a súa regulamentación puidera traer consecuencias positivas ou limitar todos estes riscos. Polo tanto, cómpre abandonar falsos debates legalistas e a actitude de política de feitos consumados que se vén practicando no Estado español. Trátase dun debate situado na dignidade das mulleres e na necesidade de rexeitar a cousificación e o mercadeo cos nosos corpos.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Oporse á legalización, regulamentación e banalización da práctica dos ventres de alugueiro por constituír unha forma de explotación e mercantilización do corpo das mulleres, especialmente daquelas máis empobrecidas e vulnerábeis. Neste sentido, as modificacións legais pertinentes encamiñaranse a disuadir e impedir a práctica do alugueiro de ventres.

2.- Demandar do goberno do Estado a que as modificacións legais pertinentes arredor da práctica dos ventres de alugueiro estea baseada na disuasión e a non legalización, regulamentación e banalización dos ventres de alugueiro.”

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2017 10:47
Nº Rexistro: 10801
Data envío: 22/06/2017 10:47:16.598

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/06/2017 10:25:16

María Montserrat Prado Cores na data 22/06/2017 10:25:24

Olalla Rodil Fernández na data 22/06/2017 10:25:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/06/2017 10:25:30

Xosé Luis Bará Torres na data 22/06/2017 10:25:33

Ana Pontón Mondelo na data 22/06/2017 10:25:36

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 1468(10/INT-000054)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a política do Goberno galego en materia de ensino no
medio rural

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016



Á MESA DO PARLAMENTO

Lucha Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación** sobre a situación do ensino no medio rural.

Aumento da interinidade, profesorado en prácticas, peche de unidades e escolas unitarias, fin da gratuidade nos comedores, recortes no transporte, redución de fondos e prazas docentes, supresión de especialidades... Son só algúns dos síntomas da asfixia que vén padecendo o ensino público, que afecta, de xeito específico, ás escolas do medio rural.

A asfixia da educación no medio rural insírese no mesmo proceso de desmantelamento que está a padecer o rural no seu conxunto. Deste xeito, o potencial da escola como espazo de socialización e como dinamizadora das comunidades rurais está sendo ignorado. As medidas que se están a tomar por parte da administración educativa contrádinse manifestamente cunha planificación comprometida coa realidade do mundo rural e cunha liña de ensino de calidade.

A obriga das Administracións públicas é garantir o dereito de todas as nenas e nenos de Galicia a unha educación cos mesmos estándares de calidade, independentemente do lugar no que vivan, por iso, será preciso apostar pola discriminación positiva cara o ensino no rural de xeito que poidamos paliar o desequilibrio territorial. Deste xeito, cómpre mudar radicalmente a lóxica imperante na política educativa de xeito que se abandone a lóxica economisista para centrarse nunha óptica dos dereitos. Unha nova visión que deberá inserirse nunha planificación global do mundo rural, que se encamiñe ó mantemento de servizos de calidade e xeración de oportunidades económicas como única vía de frear o despoboamento das vilas e pobos de Galicia.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2016 12:08
Nº Rexistro: 1468
Data envío: 22/11/2016 12:08:37.127



Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Interpelación:

Que vai facer o goberno galego para garantir o dereito a unha educación pública de calidade no medio rural?

Vai insistir o goberno galego no peche de escolas unitarias e na eliminación de especialistas en educación infantil nos centros do rural?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/11/2016 12:07:30

Luca Chao Pérez na data 22/11/2016 12:07:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 6953(10/INT-000285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co
desmantelamento de servizos ferroviarios Renfe-Feve no
territorio galego

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 10:34
Nº Rexistro: 6953
Data envío: 23/03/2017 10:34:50.055

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**, relativa ao desmantelamento dos servizo ferroviarios RENFE-FEVE no territorio galego.

Segundo as informacións ás que tivo acceso este Grupo Parlamentar existen numerosas reclamación e queixas do servizo ferroviario RENFE-FEVE no seu traxecto de Ferrol a Ribadeo debido á nefasta xestión que se está a facer desde RENFE. Segundo coñecemos, na semana do 6 ao 12 de marzo foron moitos os problemas na prestación do servizo - que volveron a repetirse na semana seguinte-, e n@s que usuari@s do servizo tiveron que sufrir retrasos de ata máis de 60 minutos, chegando incluso a supresión de servizos que foron cubertos por autobuses e taxis.

As avarías son continuas. O mal estado do material rodante, así como a falla de mantemento do propio material, vías, e apeadeiros..., a supresión de servizos e os irracionais horarios unidos a unha total falla de política comercial supoñen un grave problema na prestación do servizo que na práctica constitúe o “protocolo de desmantelamento” dun servizo ferroviario básico para os concellos polos que transcorre, e que aglutinan a máis de 200.000 habitantes.

Por todo isto fórmulase a seguinte Interpelación:

- 1.- Teñen coñecemento desde a Consellaría de Infraestrutura e Vivenda dos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 10:34
Nº Rexistro: 6953
Data envío: 23/03/2017 10:34:50.055

servizos suprimidos neste mes de marzo do servizo ferroviario RENFE-FEVE de Ferrol a Ribadeo, así como daqueles servizos que foron cubertos a través de autobús e/ou taxi, así como das causas que o provocaron ?

2.- Esta situación na que se atopa o servizo foi trasladada nalgún momento ao Ministerio de Fomento por parte do Goberno Galego?

3.- Solicitouse nalgunha ocasión responsabilidades a RENFE e/ou Ministerio de Fomento ao respecto da negligencia que se está a facer na prestación do servizo ferroviario do que falamos?

4.- Non considera que á vista da situación que está atravesando o servizo, non sería axeitado manter un encontro cos responsábeis RENFE e Ministerio de Fomento, co gallo de solicitar os investimentos precisos para o mantemento do servizo, das vías, apeadeiros..., así coma, a renovación do material rodante? (o pasado luns 13 de marzo de nove máquinas que había na estación de Ferrol, só unha estaba operativa)

5.- Desde o Ministerio de Fomento está a facerse un estudo ao respecto da viabilidade do servizo e no que o elemento primordial a valorar sería o número de usuari@s do servizo, teñen coñecemento desde estudo e das súas conclusións?

6.- Cal é a intención da Xunta de Galiza e as medidas a tomar ou iniciativas ao respecto do que está acontecendo no servizo ferroviario RENFE-FEVE Ferrol-Ribadeo?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 10:34
Nº Rexistro: 6953
Data envío: 23/03/2017 10:34:50.055

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/03/2017 10:33:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/03/2017 10:33:21

Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2017 10:33:25

María Montserrat Prado Cores na data 23/03/2017 10:33:28

Ana Pontón Mondelo na data 23/03/2017 10:33:30

Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2017 10:33:31

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 7198(10/INT-000298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co
financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:34
Nº Rexistro: 7198
Data envío: 29/03/2017 12:34:48.406



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernandez Leiceaga, Abel Losada Álvarez e Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

O Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) foi un elemento central da política rexional, cando menos, desde 1990. A partir da reforma de 1990, o FCI configúrase como un mecanismo de promoción do desenvolvemento económico das rexións españolas atrasadas, en cumprimento das previsións constitucionais.

En 2001 créanse dous subfondos, o de Compensación e o Complementario, que, dotado dun terzo dos recursos totais, pode financiar gasto corrente asociado a proxectos de investimentos recentes. En Galicia o FCI tivo unha grande importancia. Achegou anualmente á Comunidade Autónoma de Galicia unha media de 194 millóns de euros, a valores de 2011, no período 1990-2013. Certo que despois de acadar un máximo nos primeiros anos noventa, cae durante algo máis dunha década, cun mínimo relativo en 2002, recupérase durante os anos de expansión e precipítase de novo nos últimos catro anos. En 2013 o FCI apenas representaba unha cuarta parte do valor inicial.

Estamos vivindo xa o inicio dunha nova fase na que os instrumentos internos de política rexional gañarán relevancia por varios motivos:

- Porque o estancamento da economía española afectará ao proceso de converxencia rexional debilitándoo.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Porque as normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira así como a necesidade de continuar cos procesos de consolidación fiscal no ámbito autonómico reducirán notablemente os fondos de préstamos con destino a gastos de capital das comunidades.

- Os fondos europeos de desenvolvemento con destino a Galicia caerán sensiblemente no próximo período de programación, ao ser rexión phasing out.

O FCI deberá xogar, pois, un papel máis destacado que nas últimas décadas, no conxunto de España e en Galicia, para que os compromisos constitucionais de equilibrio territorial podan cumprirse. O elevado nivel competencial acadado responsabiliza fortemente ás autonomías do que sucede no seu territorio. O equilibrio, xusto e adecuado, en moitas áreas de gasto, dependerá da capacidade das comunidades autónomas para alimentar unha formación de capital de certa intensidade. Contar con instrumentos solidarios para o desenvolvemento é unha necesidade. Temos que ter en conta que o deterioro do FCI careceu de importancia ata o momento pola potencia dos fondos europeos. Pero non será así no futuro.

O método de asignación dos recursos do FCI ás comunidades beneficiarias non variou apenas desde 1990.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Interpelación.

1.^a) Considera o Goberno Galego que o FCI está a cumprir todos os obxectivos para o que foi creado?

2.^a) Cre o Goberno Galego necesario dar un impulso á converxencia interrexional de xeito que as comunidades autónomas contén con máis fondos?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:34
Nº Rexistro: 7198
Data envío: 29/03/2017 12:34:48.406



 Grupo Parlamentario

3.^a) Que opinión ten o Goberno Galego ao respecto da posibilidade de que o FCI tivese carácter plurianual?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Abel Losada Álvarez
Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/03/2017 12:24:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/03/2017 12:24:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/03/2017 12:24:23

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 10071(10/INT-000428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O avance da ciencia no eido biosanitario vén consolidando as aspiracións das sociedades a unha cobertura sanitaria completa, satisfactoria e que aporte seguridade e benestar ás persoas. Estes obxectivos son retos principais de calquera sistema sanitario público nas sociedades avanzadas, de forma que os poderes públicos deben garantir eses principios a través do seu propio sistema.

Non entanto, existen dende sempre certos intentos de achegas de persoas ou colectivos que, envolvéndose dentro de supostas contribucións positivas ao eido da saúde, aproxímanse aos ámbitos sanitarios camuflando como ciencia e/ou disciplinas rigorosas e consolidadas certas prácticas que se afastan de criterios científicos, lonxe de estar empiricamente demostradas e sen fundamento real.

Dende os tradicionais curandeiros/as e colocadores/as ata as máis modernas denominacións e variacións das profesións de fisioterapia, psicoloxía ou medicina baseadas en aspectos pseudocientíficos, tense creado un ámbito de intrusismo nesas profesións. Este problema afecta non so á competencia desleal cara os/as profesionais correctamente formados/as e titulados/as, senón principalmente constitúe un problema sanitario ao estar sendo tratados os pacientes por persoas sen capacitación para elo. A isto engádese a inseguridade xurídica que se produce en caso de existir problemas para o paciente, o dano á imaxe das profesións e ata problemas polo feito de que estes pseudo-profesionais tenden a realizar o seu traballo con opacidade fiscal. Estamos, por tanto, ante unha grave situación dende varias perspectivas, que se continúa a dar polo aproveitamento destas persoas das incertezas que provocan os problemas sanitarios, a ineficiente xestión do sistema público que favorece largas demoras e perda de calidade na atención e unha débil acción de control por parte da Administración pública.

 Grupo Parlamentario

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

Esta situación está ben recollida en distintos puntos da regulación sanitaria, dende a Lei de cohesión, a Lei de profesións sanitarias, o Código de Deontoloxía Médica e outros textos legais ou colexiais. O propio Código Penal, no seu artigo 403, explicita a cuestión do intrusismo profesional. A pesares diso a proliferación de actividades, de carácter social ou mercantil, deste tipo de técnicas e terapias continúa a crecer.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora a Xunta de Galicia a crecente aparición de disciplinas non científicas e practicantes sen formación e titulación axeitada que provocan un intrusismo laboral no eido sanitario?
2. Que medidas ten previstas a Xunta de Galicia para frear e combater o intrusismo sanitario?
3. Ten estimación a Xunta de Galicia da contía do problema fiscal que supón o intrusismo sanitario en Galicia?
4. Ten estimación a Xunta de Galicia do número de persoas que optan en Galicia por disciplinas non científicas e pseudociencias fóra do sistema sanitario público?
5. Cre a Xunta de Galicia que a mellora na eficiencia do sistema sanitario público podería contribuír a evitar que algunhas persoas terminaran por acudir aos practicantes destas técnicas non científicas?

Pazo do Parlamento, 2 de xuño de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/06/2017 17:58:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2017 18:01
Nº Rexistro: 10071
Data envío: 06/06/2017 18:01:20.149



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 06/06/2017 17:58:15

 **Partido dos
Socialistas
de Galicia**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 11322(10/POPX-000043)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o balance que fai o Goberno galego respecto da súa
defensa dos intereses de Galicia no que vai da X lexislatura



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 13:21
Nº Rexistro: 11322
Data envío: 03/07/2017 13:21:57.833



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta oral en Pleno dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, que balance fai da súa defensa dos intereses de Galicia no que vai de lexislatura?

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/07/2017 13:21:28

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 11394(10/POPX-000044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o balance da xestión levada a cabo polo Goberno galego
no primeiro semestre de 2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 18:19
Nº Rexistro: 11394
Data envío: 03/07/2017 18:19:34.310

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Señor Feijóo, considera que se gañou as súas vacacións tendo en conta o balanço dos seis primeiros meses do ano?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/07/2017 18:17:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 11395(10/POPX-000045)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego respecto da xestión levada a cabo en relación cos últimos conflitos xurdidos en Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Villares Naveira, voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea** , ao abeiro do artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

- Que avaliación fai o Presidente da Xunta da inacción do seu Goberno diante dos últimos conflitos ocorridos en Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 03/07/2017 18:18:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 7011(10/POP-000931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para facilitar o acceso das pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:58
Nº Rexistro: 7011
Data envío: 23/03/2017 16:58:05.563



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade de ter unha resposta urxente ás denuncias presentadas ante esta licitación en trámite.

O Comité de Empresa de Compostela do Grupo Norte-Limpeza da Xunta de Galicia dirixiuse aos grupos parlamentarios para expoñer irregularidades que están a apreciar na licitación actual dos servizos de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia.

Pola súa parte, as catro asociacións provinciais de Empresarios da Limpeza de Edificios e Locais veñen de transmitir a súa preocupación e inquedanza neste sector pola convocatoria deste "macroconcurso".

Concretamente, refírense os axentes económicos e sociais á licitación anunciada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza mediante Resolución publicada no DOG núm. 17 do 25 de xaneiro de 2017, suxeita a regulación harmonizada, *do servizo de limpeza dos edificios administrativos e outros locais do sector público autonómico e doutros organismos e administracións adheridos a este sistema de contratación centralizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, adxudicación baseada en multicriterios e como anticipado de gasto.*

O valor total estimado deste contrato ascende a 45.103.279,32 euros, sen división en lotes, e con un prazo de execución de vinte e catro meses, prorrogable por un prazo máximo igual ao do contrato.

O prazo de presentación de ofertas ten rematado o pasado 13 de febreiro de 2017, e con data 23 de febreiro realizouse a apertura do sobre B "Documentación relativa aos criterios de adxudicación non avaliados automaticamente".

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O dito Comité de empresa esixe a paralización desta licitación xa que por parte da Consellería non se lle ten enviado a documentación relativa á oferta presentada pola actual adxudicataria, que contén información de carácter laboral precisa para verificar o cumprimento do contrato e a corrección das prescricións da actual licitación en materia de cadro de persoal, compromisos de substitucións e quendas de traballo.

Neste sentido, obsérvase que son moitas as consultas e dúbidas que as empresas interesadas formularon no perfil do contratante para esta licitación.

As asociacións empresariais do sector consideran que mentres a normativa comunitaria, e a propia lexislación da Xunta de Galicia, camiña decididamente a favor de facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos, paradoxalmente, na práctica encontrámonos coa decisión do Goberno galego, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de licitar este concurso para os servizos de limpeza dos edificios administrativos e outros locais da Xunta por un importe de 45 millóns de euros, impedindo de forma clara a participación das pequenas e medianas empresas do sector. O importe acumulado deste contrato, a falta de división en lotes, exclúe directamente ás Pemes, que non poden facer fronte ás condicións económicas desta licitación.

Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2017 16:56:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 16:56:28

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2017 16:56:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:58
Nº Rexistro: 7011
Data envío: 23/03/2017 16:58:05.563



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:56:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 11388(10/PUP-000100)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 10 máis

Sobre o posicionamento do Goberno galego en relación coa
creación da Área Metropolitana da Coruña



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 18:11
Nº Rexistro: 11388
Data envío: 03/07/2017 18:11:10.194

Á Mesa do Parlamento.

Martín Fernández Prado, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Aurelio Núñez Centeno, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Julia Rodríguez Barreira e César Fernández Gil, ao abeiro do disposto nos artigos 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Pleno**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada por coñecer en Sede Parlamentaria o posicionamento do Goberno Galego en relación a este tema.

Exposición de Motivos:

A creación dunha área metropolitana coa participación de concellos do entorno da cidade da Coruña vén sendo un tema que de xeito reiterado sae a luz pública. Poderíamos dicir que xa fai décadas que se trata coma unha posible solución a algúns dos problemas da área urbana que non atopan doado remedio dentro das competencias e límites municipais.

Recentemente algúns dos alcaldes, alcaldesas e responsables políticos municipais amosaron interese en retomar esta demanda. Unha cuestión que incluso se tratou na reunión que o alcalde da Coruña e o presidente da Xunta de Galicia tiveron no Parlamento Galego o pasado día 6 de febreiro, amosando ambos os dous a disposición a seguir falando e avanzando no seu estudo.

Neste senso, algúns dos concellos que poderían chegar a formar parte de dita área tiveron aprobacións en pleno de asuntos e/ou mocións na liña de sumarse a esta demanda e solicitar á Xunta de Galicia que inicie os trámites necesarios para a creación de dita área metropolitana. Na maior parte dos casos trátase de mocións e non acordos plenarios dos que esixe o artigo 122 da lei 5/1997 Da Administración Local de Galicia.

Se ben é certo que non existe ata o momento unanimidade dos concellos, nin o mesmo xeito de ver este organismo, si son xa un numero de concellos significativo os que mostraron dun ou doutro xeito a disposición a seguir avanzando na creación da área e demandaron da Xunta o comezo dos traballos. Entre outros están A Coruña, Oleiros, Cambre, Culleredo, Carballo, Abegondo ou Carral.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte **Pregunta Oral Urxente para a súa resposta en Pleno**:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 18:11
Nº Rexistro: 11388
Data envío: 03/07/2017 18:11:10.194

-Cal é o posicionamento do Goberno galego en relación á creación da Área Metropolitana da Coruña?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 03/07/2017 18:08:04

Gonzalo Trenor López na data 03/07/2017 18:08:46

Diego Calvo Pouso na data 03/07/2017 18:09:01

María Soraya Salorio Porral na data 03/07/2017 18:09:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 18:11
Nº Rexistro: 11388
Data envío: 03/07/2017 18:11:10.194

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/07/2017 18:09:23

Paula Prado Del Río na data 03/07/2017 18:09:32

Alberto Pazos Couñago na data 03/07/2017 18:09:46

Jacobo Moreira Ferro na data 03/07/2017 18:09:59

María Isabel Novo Fariña na data 03/07/2017 18:10:11

María Julia Rodriguez Barreira na data 03/07/2017 18:10:27

César Manuel Fernández Gil na data 03/07/2017 18:10:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 11392(10/PUP-000101)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a posición que vai adoptar o Goberno galego en relación
coas propostas de actuación urbanística en Liñeiros, no
concello de Vigo

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan Jose Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vazquez Verao, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea , ao abeiro do recollido no Artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA urxente**, para a súa resposta oral en Pleno, relativa ás propostas de actuación urbanística en Liñeiriños, Vigo.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer a posición do Goberno galego ante o anuncio feito hoxe pola empresa promotora, xunto con varios colectivos, da presentación pública dunha campaña para acadar unha iniciativa popular que permita impulsar unha proposta non de lei que pretende conseguir pola vía supramunicipal a aprobación do proxecto de ocio de Liñeiriños, evitando así que este sexa considerado como reserva forestal e, polo tanto, rústico .

En febreiro de 2013 os directivos do fondo de inversión Eurofund, Ian Sandford e Salvador Arenere, reúnen co conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia e posteriormente co alcalde de Vigo, Abel Caballero, co obxecto de recabar apoios para PortoCabral, o macrocentro comercial que supostamente



proxección desenvolver en Liñeiriños, Vigo, ocupando uns 300.000 metros cadrados de monte comunal.

A receptividade e valoración positiva tanto da Xunta como do Concello de Vigo a PortoCabral son recollidas naquela altura na prensa, así como o total e sospeitoso entendemento coa directiva da comunidade de montes de Cabral a pesar de que o proxecto supuña a práctica eliminación da maior parte do monte comunal na parroquia.

Para ese fin era necesario o posicionamento da asemblea de comuneiros e comuneiras, cousa que se produce en novembro de 2013, onde por 344 votos en contra e 297 votos a favor o proxecto foi rexeitado a pesar dos sucesivas tentativas da Xunta rectora de levalo adiante. De saír adiante, Eurofund xustificaría a utilidade pública e faríase cos terreos, que deberán saír a concurso público tras ser expropiados polo concello.

A premura por parte tanto do Concello coma de Eurofund para conseguir que os comuneiros de Cabral aprobasen naquela altura canto antes a expropiación dos terreos facíase patente nas súas intervencións recollidas na prensa, onde se chega a falar da creación de 5000 postos de traballo grazas a PortoCabral (as cifras a este respecto varían segundo a ocasión pero en todo caso superan sempre en varios miles calquera cifra crible), mencionábase o interese de todo tipo de marcas con grande aceptación coma Ikea ou Primark polo proxecto, sen dar en ningún caso ningún tipo de confirmación por parte de devanditas firmas que puidera facer cribles estas afirmacións, e incluso se fala da construción dun lago con olas e dunha pista de neve artificial pero sen referencias concretas que fagan pensar na existencia dun anteprojecto sólido.

Compre salientar que en ningún momento, nin dende a Xunta nin dende o Concello, nin dende Eurofund, se transmite aos veciños de Cabral, nin ao resto da cidadanía, ningunha información concreta sobre o proxecto, a pesares de ser



solicitada en varias ocasións. Nin planos, nin anteproxecto, nin os requiridos estudos de viabilidade e impacto ambiental. Nada. Pretendíase que os comuneiros de Cabral aprobaran en asemblea a expropiación do monte para a realización dun proxecto do que ninguén tiña (nin ten a día de hoxe) ningún tipo de coñecemento nin dato fiable enriba da mesa.

A anulación do PXOM de Vigo no 2015 supuxo un revés para o proxecto xa que, sen planeamento, as expropiacións contidas no ámbito e o proceso de urbanización complicábase polo que para gran parte da sociedade viguesa o proxecto de PortoCabral morría co plan anulado. Nada máis lonxe da realidade.

As sucesivas medidas promovidas improvisadamente pola Xunta de Galicia para paliar os efectos da anulación do PXOM en Vigo dende a tentativa de modificar a nova Lei do solo mesmo durante o seu trámite parlamentar ate a final decisión de artellar unha lei específica de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia o excepcional interese, pasando pola Lei de acompañamento aos Orzamentos do 2017 para darlle percorrido a determinados ámbitos urbanísticos contidos nos PXOM's anulado en cidades e vilas, non clarifica se determinados proxectos como o de Porto Cabral poden ser reais en base a esta sorte de planeamento especial e mesmo temporal.

Vigo é agora mesmo unha cidade saturada por centros comerciais presentes ou futuros como o que a propia ADIF artella na estación intermodal de Urzáiz, con un aumento importante mesmo de peches de comercios dentro das áreas comerciais existentes. A apertura dun macrocentro de ocio e comercio destas características nas aforas da cidade funcionaría, xa non só como destrutor de pequeno e mediano comercio, senón tamén como barreira disuasoria para a entrada de miles de clientes potenciais na propia cidade. Esta circunstancia fai que resulte **contraria ao interese xeral a declaración** no ámbito de Zona de Afluencia Turística a efectos da aplicación do réxime especial de horarios



previsto no capítulo III da Lei 13/2006 do 27 de decembro de horarios comerciais de Galicia.

Este proxecto, que sistematicamente queren rescatar dos sucesivos paróns legais que sofre o urbanismo vigués é lesivo para a cidade de Vigo polas seguintes razóns:

- En primeiro lugar, un macrocentro comercial (se fora esta a finalidade dos terreos) construído a expensas dun monte mancomunal atentaría contra a conservación e protección do medio natural, suporía o beneficio dunhas poucas mans privadas a costa da expropiación dun monte que é de todos, e afogaríaa ao comercio local. Está demostrado que, debido a liberalización de horarios e precariedade laboral imposta por este tipo de grandes superficies, os efectos na comarca son a diminución de capacidade adquisitiva e o empeoramento das condicións laborais e, polo tanto, a destrución neta de emprego a medio e longo prazo.
- En segundo lugar, o xeito no que Eurofund e Concello de Vigo están levando a cabo a súa folla de ruta, con absoluta falta de transparencia e opacidade.

Con base no anterior, entendemos que a autorización dunha licenza para centro comercial como a pretendida nos terreos de Porto Cabral, no contexto normativo actual, de falta de PXOM para a cidade de Vigo, xeraría unha inseguridade xurídica imposible de resolver mesmo coa aplicación da Lei do Solo e as súas dúas reformas posteriores relativas a obras de interese xeral e ordenación provisoria. Unha autorización nestes termos abocaría as obras a un seguro litixio xudicial que causaría un prexuízo a toda a cidadanía, comezando pola súa propia administración municipal seguido da autonómica, pola concesión dunha licenza nestas circunstancias, en caso de prosperar, como sucedeu continuamente nos últimos anos. Para evitar cargar ás arcas públicas coa consecuencia da falta de



seguridade xurídica e nulidades de licenzas posteriores faise urxente a **suspensión** de calquera que afecte a este ámbito, tal como prevé o art. 47 da Lei 1/2016, de Solo de Galicia, facultade que lle corresponde en último termo ao Concello de Vigo.

Asemade, **os valores propios do solo** que se pretende afectar para a construción do centro comercial fano digno de protección de carácter sectorial fronte a súa recualificación como apto para uso residencial, comercial ou industrial. Deste xeito a Xunta debe velar por garantir esta protección aplicando e cualificando conforme á lexislación sectorial estes valores para asegurar o uso consonte con esa natureza, tal como prevé o art. 34 da Lei 1/2016, de Solo de Galicia.

Finalmente débese destacar que corresponde á Consellaría de Medio Rural velar polo cumprimento da Lei 13/1989, de montes veciñais en man común de Galicia, e en consecuencia **garantir que os usos do monte son acordes á súa natureza rústica**, sen cambios indebidos ou fraudulentos, tal como prevé o art. 25 desta norma en relación aos arts. 2, 6 e 21. Esta norma protexe igualmente o monte fronte expropiacións non xustificadas nun interese xeral, aquí non concorrente, e fronte a usos non permitidos nesta lei.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter de urxencia:**

Que posición ten previsto adoptar o Goberno Galego para garantir que o ámbito de Liñeiros, presente no anterior PXOM de Vigo e anulado no 2008, vai ser protexido da especulación urbanística e dedicado ao seu uso rústico, consorte coa súa natureza quedando fóra de calquera cualificación de uso residencial, comercial, industrial ou calquera outro que modifique esa condición?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 03/07/2017 18:15:36

José Manuel Lago Peñas na data 03/07/2017 18:15:43

Paula Vázquez Verao na data 03/07/2017 18:15:51

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/07/2017 18:15:56

Juan José Merlo Lorenzo na data 03/07/2017 18:15:59

Carmen Santos Queiruga na data 03/07/2017 18:16:03

Antón Sánchez García na data 03/07/2017 18:16:06

Eva Solla Fernández na data 03/07/2017 18:16:09

Luca Chao Pérez na data 03/07/2017 18:16:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 18:17
Nº Rexistro: 11392
Data envío: 03/07/2017 18:17:41.855



Paula Quinteiro Araújo na data 03/07/2017 18:16:16

Magdalena Barahona Martín na data 03/07/2017 18:16:20

Francisco Casal Vidal na data 03/07/2017 18:16:23

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2017 18:16:27

Marcos Cal Ogando na data 03/07/2017 18:16:31

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 10373(10/PUP-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro,
situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña,
para dedicalo a museo, como estaba previsto

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 17:38
Nº Rexistro: 10373
Data envío: 12/06/2017 17:38:35.704

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven dada pola alarma social xerada polo incendio que arrasou o estaleiro de ribeira de Casqueiro situado no concello de Moaña.

Exposición de motivos

Na madrugada do pasado sábado 10 de xuño, un incendio, do que hai fortes indicios de que puido ser provocado, arrasou o estaleiro de carpintería de ribeira, situado na parroquia de San Martiño no concello de Moaña.

Este estaleiro tiña un importante valor, sendo un dos exemplos mellor conservados a nivel etnográfico e de patrimonio na carpintería de ribeira de Galiza. Proba disto é a “*resolución do 23 de decembro de 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se propón a incoación do procedemento de inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, do conxunto dos estaleiros de Casqueiro-Calragho, sitos na parroquia de San Martiño de Moaña, no termo municipal de Moaña*”.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 17:38
Nº Rexistro: 10373
Data envío: 12/06/2017 17:38:35.704

Así esmo este pasado venres 9 de xuño o Diario Oficial de Galiza publicou a Resolución do 29 de maio de 2017, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira. Nesta resolución no punto primeiro establece acordar “Incoar o procedemento para incluír no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia como ben inmovible coa categoría de lugar de valor etnolóxico, o conxunto dos estaleiros de Casqueiro e Calragho sitos na parroquia de San Martiño de Moaña no termo municipal de Moaña (Pontevedra), consonte á descrición e nivel de protección que figura no anexo I; os condicionantes e o contorno de protección recollidos no anexo II e a delimitación gráfica contida no anexo III”.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Vai implicarse o Goberno galego na reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro, situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña, para adicalo a museo como estaba previsto?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 17:38
Nº Rexistro: 10373

Data envío: 12/06/2017 17:38:35.704

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2017 17:38:06

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 2648(10/POP-000244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 5 máis

Sobre a valoración pola Consellería de Sanidade e polo
Servizo Galego de Saúde da implantación do Plan ictus

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:51
Nº Rexistro: 2648
Data envío: 27/12/2016 16:51:08.186

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz, Marián García Míguez e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A enfermidade do ictus afecta anualmente en Galicia, segundo datos da Sociedade Galega de Neuroloxía, a unhas 7.000 persoas, con distintos graos de intensidade e de gravidade. Para o seu tratamento é fundamental o diagnóstico precoz da enfermidade.

O Servizo Galego de Saúde implantou este verán o Plan Ictus na Comunidade Autónoma con obxectivo de rebaixar o número de casos. A través del, o Sergas diminuírá o tempo transcorrido entre o inicio dos síntomas e a chegada ao hospital, reducirá a demora na confirmación diagnóstica, adecuará o procedemento terapéutico ás necesidades específicas asistenciais do paciente e coordinará a actuación entre os distintos profesionais.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cáles son e cómo valoran a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde os primeiros resultados tras a implantación do Plan Ictus?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/12/2016 16:28:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2016 16:28:55

Marta Rodríguez Arias na data 27/12/2016 16:29:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2016 16:29:14

María Ángeles García Míguez na data 27/12/2016 16:29:21

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/12/2016 16:29:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 3857(10/POP-000470)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do
restablecemento do Servizo de Cirurxía Pediátrica as vinte e
catro horas do día, durante todo o ano, no Complexo
Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, 58, 02.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3857
Data envío: 20/01/2017 14:15:10.929



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense contaba ata o ano 2013, cun Servizo de Cirurxía Pediátrica composto por tres cirurxiáns pediátricos reforzados nas gardas por algún outro profesional desta especialidade.

Trala xubilación dun deles, e a solicitude de traslado doutro, o cadro de persoal quedou tan reducido que non se podían seguir ofertando gardas.

Esta situación obrigaba á Xerencia á reposición das vacantes, pero en lugar diso e ante a sorpresa e o desgusto da cidadanía ourensán, e das persoas profesionais do CHUOU, a Xerencia anunciou que se suprimía este servizo, optando polo retallo de medios nesta especialidade, reducindo á metade o número de cirurxiáns pediátricos. Así pois, dende setembro de 2013, os nenos e nenas ourensás que necesiten someterse a unha intervención cirúrxica fóra do horario de mañá, ou en sábado, domingo e festivo, teñen que trasladarse a Vigo, a máis de 100 quilómetros, distancia que se eleva cando os desprazamentos teñen que realizarse dende outras zonas da provincia afastadas da capital, como por exemplo da comarca de Valdeorras e en condicións que se supoñen, son de urxencia e polo tanto, nun estado de saúde moi delicado.

Estamos falando de menores que deben ir acompañados dos pais e nais, o que supuxo un esforzo adicional para moitas familias, esforzo económico aínda máis difícil de levar a cabo para aquelas que dispoñen de menos recursos.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego que o CHUOU volva a dispoñer dun servizo de cirurxía pediátrica 24 horas ao día durante todo o ano?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2017 14:03:52

Raúl Fernández Fernández na data 20/01/2017 14:03:59

Julio Torrado Quintela na data 20/01/2017 14:04:04

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 10347(10/POP-001397)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención
da cirurxía pediátrica en Ourense

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

A sanidade é un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas. Ademais de ser un dereito que debe ser subministrado e salvagardado pola administración pública, cando afecta a crianzas cómpre ter en conta esa circunstancia á hora de ponderar os desprazamentos e outros elementos que poidan supoñer un impacto negativo na súa atención e na xestión persoal e familiar da situación.

Durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza. Esta decisión supón na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar. Para as crianzas e para as persoas da súa contorna persoal, desprazarse a Vigo supón un esforzo e unha complicación, máis aínda cando se trata de nenos e nenas de fóra da cidade ou das poboacións achegadas á conexión con Vigo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 12:58
Nº Rexistro: 10347
Data envío: 12/06/2017 12:58:30.611

A decisión, explicaban desde a Xunta, tomouse para “optimizar os recursos” debido á “redución continuada da poboación infantil”. É dicir, a xuízo do PP, os nenos e as nenas de Ourense, como agora son menos, teñen menos dereitos, de aí que non pase nada se en vez de ser atendidos no hospital de Ourense, cando chegan cunha urxencia e precisan dunha rápida intervención, son obrigados a desprazarse a Vigo para ser atendidos nalgún centro sanitario desta cidade. Nin que dicir ten a dificultade desta situación en calquera urxencia, pero máis aínda ao tratarse de nenos e nenas.

Desde o BNG entendemos que esta situación non está xustificada e obedece unicamente á consolidación de políticas en materia de recortes que vén aplicando o goberno do Partido Popular desde a chegada de Feijoo á presidencia da Xunta. Fóra de obedecer a toda lóxica, existen dúbidas sobre os custos económicos que supoñen os traslados vía ambulancia medicalizada co persoal facultativo preciso. Ao que se suma a outra cara da moeda, os custos que traslados e hospitalización para as familias.

Para o BNG fica claro que esta medida non se fai nin para “optimizar recursos”, nin como consecuencia da “redución da poboación infantil”. É un paso máis na senda do empeoramento planificado do Servizo Galego de Saúde, no deterioro estratéxico do público levado a cabo pola Xunta de Galiza e o goberno do Estado que ten, como fin último o incremento do negocio privado.

Máis aínda, recentemente este Grupo Parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 12:58
Nº Rexistro: 10347
Data envío: 12/06/2017 12:58:30.611

Que actuacións levará a cabo a Xunta de Galiza para corrixir as deficiencias na atención de cirurxía pediátrica das e dos doentes de Ourense?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2017 12:57:22

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2017 12:57:28

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2017 12:57:32

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2017 12:57:33



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2017 12:58
Nº Rexistro: 10347
Data envío: 12/06/2017 12:58:30.611

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/06/2017 12:57:37

Xosé Luis Bará Torres na data 12/06/2017 12:57:39

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 10481(10/POP-001412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as provisións de fondos para cooperar cos concellos a través do Plan de camiños rurais 2017-2018

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellaría do Medio Rural vén de comunicar aos concellos as previsións de investimento a través do denominado “Plan marco de mellora dos camiños rurais” para o período 2017-2018.

Segundo a información trasladada aos concellos, a dotación de dito plan ten unha redución importante de recursos respecto de plans análogos precedentes para realizar investimentos para a mellora e desenvolvemento do medio rural de Galiza.

O recorte aplicado relega investimentos destinados a actuacións que inciden directamente na mellora dos equipamentos e infraestruturas no medio rural, que potencian directamente a base produtiva do agro galego. Con esta política de diminución dos fondos achegados aos concellos para a investimentos no rural, o Goberno galego está a desistir de manter o necesario esforzo na dotación de fondos públicos para dignificar e mellorar a calidade de vida das persoas que viven no medio rural no noso país e que ademais contribúen a corrixir os desequilibrios territoriais e a fixar poboación no rural.

Por todo iso fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2017 10:59
Nº Rexistro: 10481
Data envío: 14/06/2017 10:59:59.630

Cales son os motivos para reducir os fondos para cooperar cos concellos a través do “Plan de camiños rurais 2017-2018 mentres sen manteñen dotacións para gasto en propaganda da actividade do Goberno?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2017 10:59:12

Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2017 10:59:17

María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2017 10:59:22

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2017 10:59:24

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2017 10:59:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2017 10:59
Nº Rexistro: 10481

Data envío: 14/06/2017 10:59:59.630

Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2017 10:59:27

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 10738(10/POP-001450)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron o convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais nos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017

Publicación da iniciativa, 137, 29.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2017 18:17
Nº Rexistro: 10738
Data envío: 20/06/2017 18:17:57.673



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre o número de concellos de Galiza que se adhiren o convenio de colaboración ca Consellería de Medio Rural para a prevención e defensa contra incendios forestais.

No marco do disposto polos artigos 8 e 59 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes, a Consellería do Medio Rural pon en marcha o Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

No seu punto 3 (participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa) estes convenios presentan actuacións en dúas liñas:

a) Labores preventivos: desenvolveranse traballos manuais en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos. A Consellería do Medio Rural achegará para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais un máximo de 11.250,00 €/brigada ao ano. Os prezos de superficie serán variables en función da pendente e tipo de vexetación.



b) Actuacións de defensa contra incendios forestais: as brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no mando único da Xunta de Galicia. As brigadas poderán estar compostas por 4, 5 ou 6 membros por xornada de traballo. A Consellería do Medio Rural achegará para a realización das actuacións en materia de vixilancia e defensa de incendios forestais, dependendo do número de integrantes da brigada, para os tres meses de campaña un máximo de:

- Brigadas de 4 compoñentes: 11.481,04 €/ano
- Brigadas de 5 compoñentes: 15.934,62 €/ano
- Brigadas de 6 compoñentes: 20.388,20 €/ano

Moitos concellos deixaron de formar estas brigadas nos últimos anos por mor de que, primeiro, a subvención que a Xunta da non chega para cubrir os custes da mesma e, segundo, as labores de roza teñen que executalas en época de máximo risco, algo que contradí ao propio PLADIGA.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

-Cal foi o número de brigadas de prevención e extinción de incendios dos concellos que subscribiron dito convenio ca Consellería de Medio Rural durante os anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017?

Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2017 18:17
Nº Rexistro: 10738
Data envío: 20/06/2017 18:17:57.673

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 20/06/2017 18:14:44

Paula Quinteiro Araújo na data 20/06/2017 18:14:56

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.07.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.10 11333(10/PUP-000096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da
realización das actuacións necesarias para tentar acadar a
implantación en Galicia do Laboratorio Comunitario de Control
Bacteriolóxico de Bivalvos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2017 16:30
Nº Rexistro: 11333
Data envío: 03/07/2017 14:07:51.413



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola necesidade de que o Goberno galego se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Galicia é unha potencia marisqueira recoñecida no mundo, tanto por cantidade como por calidade do seu produto. O sector ten unha relevancia fundamental no tecido social e económico e por tanto a administración debe achegarse o máximo posible.

A saída de Gran Bretaña da Unión Europea provoca, ademais de outro tipo de problemas, a necesaria reubicación de organismos de carácter europeo que mantiñan a súa sede en territorio británico, e que agora precisan de ser trasladados a outro lugar. Entre estes organismos se atopa o laboratorio comunitario de control bacteriolóxico dos bivalvos, actualmente en Weymouth, e que ten unha importante función de investigación e coñecemento do medio mariño no referente a moluscos e control.

A presenza en Galicia da Axencia Europea de Pesca, en Vigo, evidencia o peso galego no sector marítimo-pesqueiro en Europa e no mundo, polo que tería sentido que se vira reforzada coa reubicación do laboratorio citado. Existen centros de investigación relevantes xa en Galicia traballando en rede, co peso fundamental da Ría de Arousa polo seu volume produtivo, como son o IGafa en A Illa ou o CIMA en Vilanova, en torno á referencia mundial do Intecmar situado en Vilaxoán (Vilagarcía) que traballa temas similares ao laboratorio comunitario e contribuiría a reforzar o traballo conxunto e a calidade da produción científica, así como a súa aplicación á produtividade e desenvolvemento do sector.

Dadas as circunstancias cambiantes por mor do Brexit, a transcendencia de Galicia no sector e a presenza de entidades que poderían aumentar exponencialmente a produción científica e aplicada do sector da investigación mariña, así como o impacto económico directo da presenza dunha Axencia Europea en Galicia, sería de relevancia facer unha aposta seria pola atracción do ente referido. Existindo xa algúns movementos por parte da Xunta de Galicia, semellan apostas tímidas e supeditadas a decisións maiores que poden impedir unha firme candidatura, á imaxe do que ocorreu coa Axencia Europea do Medicamento na que Galicia foi ninguneada polo Goberno de España sen que existira posición crítica da Xunta de Galicia ao respecto.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten intención a Xunta de Galicia de levar a cabo todas as accións necesarias para intentar conseguir a implantación en Galicia do laboratorio comunitario de control bacteriolóxico de bivalvos?

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/07/2017 14:05:37

María Dolores Toja Suárez na data 03/07/2017 14:05:44